

1 Panorama económico

1.1. Contexto económico xeral

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Evolución demográfica

1.1. Contexto económico xeral

No ano 2020 a pandemia da covid-19 provocou unha crise sanitaria, social e económica sen precedentes a nivel mundial, coa perda de millóns de vidas e situando a 88 millóns de persoas na pobreza extrema, segundo o datos máis optimistas do Banco Mundial. Ademais do enorme custo humano, a covid-19 desatou a crise mundial máis profunda desde a 2ª Guerra Mundial.

A contracción da actividade mundial no ano 2020 non ten precedentes nin na velocidade de expansión da mesma nin na sincronía coa que afectou a todas as economías.

As novas mutacións do virus e a diferente capacidade dos países para implantar políticas para paliar os efectos económicos da crise sanitaria fan, por unha banda, que as perspectivas mundiais de crecemento sexan moi incertas e que exista unha gran diferenza entre a duración da crise nas distintas economías e nos distintos sectores. A recuperación que parece asomarse no primeiro trimestre de 2021 é desigual e en cada país ven determinada pola traxectoria da pandemia, sendo as perdas de produto máis pronunciadas nos países que dependen do turismo e das

exportacións de materias primas e nos que tiñan pouca marxe de manobra para aplicar políticas públicas.

O Fondo Monetario Internacional (FMI) no seu informe de perspectivas da economía mundial de abril de 2021, sinala que tras unha contracción estimada do -3,3% en 2020, proxéctase que a economía mundial rexistre un crecemento do 6% en 2021, que se moderaría ata o 4,4% en 2022. Máis alá de 2022, o crecemento mundial estímase que se estabilizaría en torno ao 3,3% no medio prazo.

Entre as economías avanzadas, prevese que Estados Unidos supere o nivel de PIB previo á pandemia neste ano 2021, en tanto que moitas outras economías, como a UE, non o farán ata 2022. Analogamente, entre as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento, China retomou o nivel de PIB previo á covid-19 xa a finais de 2020, en tanto que moitas outras non o farían ata ben entrado 2023. É probable que a diverxencia nas traxectorias de recuperación afonde nas diferenzas entre os niveis de vida dos países en desenvolvemento e os demais países.

Neste contexto internacional, a economía galega presenta en 2020 un comportamento máis moderado que a economía española, con caídas do Produto Interior Bruto (PIB) inferiores á media estatal nos catro trimestres do ano. O PIB galego en termos reais rexistrou no conxunto do ano 2020 unha caída do 8,9%, fronte ao -11% no conxunto do Estado; a caída do PIB en 2020 non ten precedentes sendo tan só comparable cos valores máis negativos da serie histórica que se rexistraron no ano 2009, con caídas en torno ao 4% do PIB tanto en Galicia como no conxunto do Estado. A actividade económica no conxunto dos países da UE-27 e da zona euro experimentou unha caída en torno ao 4,7% e 6,6%, respectivamente.

Á caída do 11% do PIB en España en 2020, contribúe tanto a demanda interna como a externa. No que respecta á demanda interna, rexístranse importantes caídas no gasto en consumo final dos fogares e na formación bruta de capital fixo, e no que respecta á demanda externa, as exportacións de bens e servizos presentan unha variación en relación ao ano 2019 do -20,9%, afectadas directamente pola paralización da actividade turística, e as importacións de bens e servizos varían un -16,8% no ano 2020, fundamentalmente como consecuencia da caída do 13,2% nas importacións de bens acompañada pola redución do 32% na importación de servizos.

Dende o lado da oferta, a análise do cadro macroeconómico de España amosa que todos os sectores produtivos presentan taxas de crecemento interanuais negativas agás o sector primario, que experimenta un crecemento en relación ao ano 2019 do 4,7%, cando no ano anterior caera un 2,3%.

As políticas públicas implementadas no ano 2020 para paliar os efectos da crise sanitaria sobre o emprego conseguiron mitigar de xeito importante as perdas de emprego pola paralización da actividade económica; sen embargo, en termos agregados, a ralentización da actividade económica trasládase ao mercado de traballo tanto en termos de caída da ocupación como de incremento do desemprego.

No que respecta á situación competitiva das CCAA, os datos do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas, con datos para 2019, mostra a Galicia nun nivel competitivo medio-baixo, no oitavo posto das 17 CCAA en 2019, igual que no ano anterior.

No citado informe sobre a competitividade rexional en España compáranse unha serie de indicadores e variables para así establecer unha clasificación en tres niveis segundo a intensidade do impacto relativo esperado da crise sanitaria sobre as CCAA. Nos resultados desta clasificación Galicia presenta un impacto severo só na produción industrial, formando parte do grupo de CCAA nas que, aínda sendo afectadas negativamente pola pandemia, o impacto final nos seus niveis competitivos sería relativamente menor.

O obxectivo deste capítulo é analizar o contexto económico internacional, europeo e nacional no que se desenvolve a economía galega. Con tal motivo, en primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mundial, facendo especial mención á situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama económico de España, e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

A contracción da actividade mundial no ano 2020 non ten precedentes na historia recente nin en termos de velocidade nin de sincronía en todas as economías. Tras un ano da declaración da pandemia, as perspectivas mundiais seguen sendo moi incertas, como consecuencia das mutacións do virus e da diferente capacidade dos países para implantar políticas para paliar os efectos económicos da crise sanitaria.

Aínda que o PIB mundial recuperouse con máis forza do previsto no segundo semestre de 2020, permanece moi por debaixo das tendencias previas á pandemia na maior parte dos países. A recuperación é desigual, e en cada país ven determinada pola traxectoria da pandemia, sendo as perdas de produto máis pronunciadas

Economía internacional 2014-21: evolución dos principais indicadores

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021 (1)
Produto Interior Bruto real								
Economía mundial	3,6	3,5	3,3	3,8	3,6	2,8	-3,3	6,0
Economías avanzadas	2,1	2,4	1,8	2,5	2,3	1,6	-4,7	5,1
EE.UU.	2,5	3,1	1,7	2,3	3,0	2,2	-3,5	6,4
Xapón	0,3	1,6	0,8	1,7	0,6	0,3	-4,8	3,3
Zona Euro	1,4	2,0	1,9	2,6	1,9	1,3	-6,6	4,4
Alemaña	2,2	1,5	2,2	2,6	1,3	0,6	-4,9	3,6
Francia	1,0	1,1	1,1	2,3	1,9	1,5	-8,2	5,8
Italia	0,0	0,8	1,3	1,7	0,9	0,3	-8,9	4,2
España	1,4	3,8	3,0	3,0	2,4	2,0	-11,0	6,4
Países emerxentes e en desenvolvemento	4,7	4,3	4,5	4,8	4,5	3,6	-2,2	6,7
China	7,4	7,0	6,9	6,9	6,7	5,8	2,3	8,4
India	7,4	8,0	8,3	6,8	6,5	4,0	-8,0	12,5
IPC (medias anuais)								
Economías avanzadas	1,4	0,3	0,7	1,7	2,0	1,4	0,7	1,6
EE.UU.	1,6	0,1	1,3	2,1	2,4	1,8	1,2	2,3
Xapón	2,8	0,8	-0,1	0,5	1,0	0,5	0,0	0,1
Zona Euro	0,4	0,2	0,2	1,5	1,8	1,2	0,3	1,4
Alemaña	0,8	0,7	0,4	1,7	1,9	1,4	0,4	2,2
Francia	0,6	0,1	0,3	1,2	2,1	1,3	0,5	1,1
Italia	0,2	0,1	-0,1	1,3	1,2	0,6	-0,1	0,8
España	-0,2	-0,5	-0,2	2,0	1,7	0,7	-0,3	1,0
Países emerxentes e en desenvolvemento	4,7	4,7	4,3	4,4	4,9	5,1	5,1	4,9
China	2,0	1,4	2,0	1,6	2,1	2,9	2,4	1,2
India	5,8	4,9	4,5	3,6	3,4	4,8	6,2	4,9
Taxa de desemprego								
Economías avanzadas	7,3	6,7	6,2	5,7	5,1	4,8	6,6	6,2
EE.UU.	6,2	5,3	4,9	4,4	3,9	3,7	8,1	5,8
Xapón	3,6	3,4	3,1	2,8	2,4	2,4	2,8	2,8
Zona Euro	11,6	10,9	10,0	9,1	8,2	7,6	7,9	8,7
Alemaña	5,0	4,6	4,1	3,8	3,4	3,2	4,2	4,4
Francia	10,3	10,4	10,0	9,4	9,0	8,5	8,2	9,1
Italia	12,6	11,9	11,7	11,3	10,6	9,9	9,1	10,3
España	24,4	22,1	19,6	17,2	15,3	14,1	15,5	16,8
Déficit público (% PIB)								
Economías avanzadas	-3,1	-2,6	-2,7	-2,4	-2,5	-2,9	-11,7	-10,4
EE.UU.	-4,1	-3,5	-4,3	-4,6	-5,4	-5,7	-15,8	-15,0
Xapón	-5,9	-3,9	-3,8	-3,3	-2,7	-3,1	-12,6	-9,4
Zona Euro	-2,5	-2,0	-1,5	-0,9	-0,5	-0,6	-7,6	-6,7
Alemaña	0,6	1,0	1,2	1,4	1,8	1,5	-4,2	-5,5
Francia	-3,9	-3,6	-3,6	-2,9	-2,3	-3,0	-9,9	-7,2
Italia	-3,0	-2,6	-2,4	-2,4	-2,2	-1,6	-9,5	-8,8
España	-5,9	-5,2	-4,3	-3,0	-2,5	-2,9	-11,5	-9,0
Países emerxentes e en desenvolvemento	-2,5	-4,3	-4,7	-4,1	-3,7	-4,7	-9,5	-7,5
China	-0,9	-2,8	-3,7	-3,8	-4,7	-6,3	-11,4	-9,6
India	-7,1	-7,2	-7,1	-6,4	-6,3	-7,4	-12,3	-10,0

(1) Proxección

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.

nos países que dependen do turismo e das exportacións de materias primas e nos que tiñan pouca marxe de manobra para aplicar políticas públicas.

O Fondo Monetaria Internacional (FMI) no seu informe de perspectivas da economía mundial de abril de 2021,

sinala que tras unha contracción estimada do -3,3% en 2020, proxéctase que a economía mundial rexistre un crecemento do 6% en 2021, que se moderaría ata o 4,4% en 2022. Máis alá de 2022, o crecemento mundial estímase que se moderaría en torno ao 3,3% no medio prazo.

Prezo do barril de Brent 2008-2020



Fonte: US Energy Information Administration

1.1.2.

Nas economías avanzadas espérase un reponte do crecemento grazas á demanda reprimida financiada polo aforro acumulado en 2020. As traxectorias de recuperación varían dentro do grupo. Segundo as proxeccións do FMI, EEUU retomará o nivel de actividade de finais de 2019 no primeiro semestre de 2021 e Xapón no segundo. Na zona euro e no Reino Unido a actividade manterase por debaixo dos niveis de 2019 ata entrado 2022. A diverxencia pode ser consecuencia as distintas conductas sanitarias, á flexibilidade e capacidade de adaptación das economías e a rixideces estruturais anteriores á crise.

As proxeccións de crecemento revisáronse á baixa para Europa e á alza en Xapón e EEUU, grazas ao respaldo fiscal adicional nestes países; así mesmo espéranse impulsos adicionais no crecemento de Estados Unidos derivados do programa de rescate do presidente Biden.


Pola contra, a reapertura nos meses de verán do turismo en países europeos como Chipre, España, Italia, Malta ou Portugal tivo como consecuencia un incremento no número de infeccións e novos confinamentos

nos últimos meses de 2020 que se estenderon ao primeiro semestre de 2021.

Nas economías dos mercados emerxentes e en desenvolvemento a contracción do crecemento do PIB foi do 2,2% en 2020 e os datos da escasa contratación pública de vacinas fai pensar na posibilidade de novos confinamentos e peche de actividades. Sen embargo, as traxectorias de recuperación dos diferentes países deste grupo varían en gran medida en función da gravidade da pandemia, da estrutura económica, da exposición a shocks específicos e da eficacia das políticas destinadas a paliar a pandemia.

Dentro das economías emerxentes en Asia, os impactos son diverxentes, fronte ao crecemento do 2,3% en China, a India rexistrou unha caída do seu PIB do 8%. As proxeccións de crecemento rexistran importantes diferencias entre China, onde as medidas de contención e a decidida política de investimento público e liquidez respalda de xeito rotundo a recuperación, e outros países da rexión, fundamentalmente aqueles con economías baseadas no turismo que afrontan perspectivas de crecemento máis pesimistas.

Tipo de cambio do euro 2005-20



Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.3.

Tras unha drástica caída no ano 2020 en América Latina e Caribe espérase tan só unha tímida recuperación non homoxénea en 2021, que dependerá da traxectoria da pandemia.

Tras a contracción máis elevada rexistrada nos países de África Subsahariana (-1,9% en 2020) espérase que o crecemento reponte ata o 3,4% en 2021, con desequilibrios rexionais en función, como en casos anteriores, da dependencia do turismo e da evolución da pandemia. Por tanto, o FMI fai fincapé na recuperación a múltiples velocidades entre rexións e entre distintos grupos de ingresos, como consecuencia de diferentes ritmos de vacinación e da contundencia das políticas de recuperación, así como de factores estruturais como é a dependencia do turismo.

A destrución de emprego consecuencia da pandemia da covid-19 foi histórica tanto pola súa magnitude como pola súa velocidade, pero os efectos sobre os traballadores son desiguais en función do territorio, da cualificación da idade e do sexo. Neste senso, a caída de emprego afectou fundamentalmente aos mozos e ás persoas menos cualificadas e ás mulleres, en especial nas economías menos desenvolvidas.

No conxunto das economías avanzadas a taxa de paro sitúase en 2020 no 6,6%, acadando valores significativamente máis reducidos en Xapón, cun 2,8%, so catro décimas máis que no ano anterior. Polo contrario en EEUU e no conxunto dos países da zona euro a taxa de paro ascende ata o 8,1% e 7,9%, respectivamente.

No que atinxe ao nivel de prezos, nos países avanzados a inflación en 2020 foi do 0,7%, sete décimas menos que no ano anterior, sendo este incremento do 5,1% no conxunto do países emerxentes e en desenvolvemento, un IPC igual ao rexistrado no ano anterior. Entre as economías avanzadas, nos países da zona euro a inflación foi do 0,3%, fronte ao 1,2% de Estados Unidos e o 0% de Xapón. Entre os países emerxentes, China rexistra un 2,4% de inflación, cinco décimas menos que no ano anterior, fronte a India que cun 6,2% incrementa en case punto e medio os niveis de inflación do ano anterior.

No que respecta aos prezos das materias primas, o prezo do petróleo, despois de acadar mínimos históricos no ano 2020, parece que comeza unha fase de afianzamento. Neste senso, o prezo de barril de petróleo (Brent) reduciuse de media en 2020 case un 35%

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2020-21 e previsións para 2022

	PIB			Inflación media (1)			Desemprego			Déficit Público (2)		
	2020	2021	2022	2020	2021	2022	2020	2021	2022	2020	2021	2022
	(taxa de variación anual)			(taxa de variación anual)			(taxa de variación anual)			(taxa de variación anual)		
Bélxica	-6,3	4,5	3,7	0,4	1,8	1,5	5,6	6,7	6,5	-9,4	-7,6	-4,9
Alemaña	-4,9	3,4	4,1	0,4	2,4	1,4	3,8	4,1	3,4	-4,2	-7,5	-2,5
Estonia	-2,9	2,8	5,0	-0,6	1,6	2,2	6,8	7,9	6,3	-4,9	-5,6	-3,3
Irlanda	3,4	4,6	5,0	-0,5	0,9	1,3	5,7	10,7	8,1	-5,0	-5,0	-2,9
Grecia	-8,2	4,1	6,0	-1,3	-0,2	0,6	16,3	16,3	16,1	-9,7	-10,0	-3,2
España	-10,8	5,9	6,8	-0,3	1,4	1,1	15,5	15,7	14,4	-11,0	-7,6	-5,2
Francia	-8,1	5,7	4,2	0,5	1,4	1,1	8,0	9,1	8,7	-9,2	-8,5	-4,7
Italia	-8,9	4,2	4,4	-0,1	1,3	1,1	9,2	10,2	9,9	-9,5	-11,7	-5,8
Chipre	-5,1	3,1	3,8	-1,1	1,7	1,1	7,6	7,5	7,2	-5,7	-5,1	-2,0
Letonia	-3,6	3,5	6,0	0,1	1,7	2,0	8,1	8,2	6,9	-4,5	-7,3	-2,0
Lituania	-0,9	2,9	3,9	1,1	1,9	1,9	8,5	8,3	7,1	-7,4	-8,2	-6,0
Luxemburgo	-1,3	4,5	3,3	0,0	2,1	1,6	6,8	7,4	7,3	-4,1	-0,3	-0,1
Malta	-7,0	4,6	6,1	0,8	1,2	1,5	4,3	4,3	3,8	-10,1	-11,8	-5,5
Países Baixos	-3,7	2,3	3,6	1,1	1,6	1,4	3,8	4,3	4,4	-4,3	-5,0	-1,8
Austria	-6,6	3,4	4,3	1,4	1,8	1,6	5,4	5,0	4,8	-8,9	-7,6	-3,0
Portugal	-7,6	3,9	5,1	-0,1	0,9	1,1	6,9	6,8	6,5	-5,7	-4,7	-3,4
Eslovenia	-5,5	4,9	5,1	-0,3	0,8	1,7	5,0	5,0	4,8	-8,4	-8,5	-4,7
Eslovaquia	-4,8	4,8	5,2	2,0	1,5	1,9	6,7	7,4	6,6	-6,2	-6,5	-4,1
Finlandia	-2,8	2,7	2,8	0,4	1,2	1,2	7,8	7,6	7,2	-5,4	-4,6	-2,1
Bulgaria	-4,2	3,5	4,7	1,2	1,6	2,0	5,1	4,8	3,9	-3,4	-3,2	-1,9
Rep. Checa	-5,6	3,4	4,4	3,3	2,4	2,2	2,6	3,8	3,5	-6,2	-8,5	-5,4
Dinamarca	-2,7	2,9	3,5	0,3	1,3	1,3	5,6	5,5	5,2	-1,1	-2,1	-1,4
Croacia	-8,0	5,0	6,1	0,0	1,3	1,3	7,5	7,2	6,6	-7,4	-4,6	-3,2
Hungría	-5,0	5,0	5,5	3,4	4,0	3,2	4,3	4,3	3,8	-8,1	-6,8	-4,5
Polonia	-2,7	4,0	5,4	3,7	3,5	2,9	3,2	3,5	3,3	-7,0	-4,3	-2,3
Rumanía	-3,9	5,1	4,9	2,3	2,9	2,7	5,0	5,2	4,8	-9,2	-8,0	-7,1
Suecia	-2,8	4,4	3,3	0,7	1,8	1,1	8,3	8,2	7,5	-3,1	-3,3	-0,5
UE-27	-6,1	4,2	4,4	0,7	1,9	1,5	7,1	7,6	7,0	-6,9	-7,5	-3,7

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB
Fonte: Comisión Europea, *Perspectivas económicas de primavera*, abril 2021

1.1.4

respecto ao ano anterior, acadando un valor máximo de 68,07 euros a principios do mes de xaneiro e un mínimo de 14,24 euros a finais do mes de abril (59 euros menos que na mesma data do ano anterior).

En relación aos mercados de divisas, o **cadro 1.1.3.** reflicte que os tipos de cambio reais do dólar e da libra fronte ao euro aumentan no último ano, o que indica unha leve apreciación do euro fronte a estas divisas, depreciándose fronte ao ien.

• Unión Europea (UE-27)

A pandemia do coronavirus conduciu ás economías europeas a unha crise de proporcións históricas. No

ano 2020 a economía da UE-27 contraeuse un 6,1% e a da zona euro un 6,6%. Segundo as previsións económicas da Comisión Europea (previsións de primavera 2021), a economía do conxunto da UE medrará un 4,2% no ano 2021 e un 4,4% en 2022, e, aínda que as taxas de crecemento entre países seguirán sendo dispaes, prevese que as economías dos Estados membros volvan a finais de 2022 aos niveis anteriores á crise.

A demanda interna no ano 2020 restou ao crecemento da economía comunitaria en termos de crecemento agregado do PIB un total de 5,6 puntos, sendo tamén negativa a contribución do saldo exterior neto (-0,5 puntos).

PIB na UE-27 no período 2015-2022: distribución segundo compoñentes


	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
	(%)							
Gasto en consumo final do sector privado	2,1	2,2	2,2	1,8	1,5	-7,4	2,8	5,9
Gasto en consumo final das administracións públicas	1,4	1,9	1,1	1,3	1,9	1,3	3,7	0,6
Formación Bruta de Capital Fixo	5,0	3,3	4,1	3,5	5,4	-7,4	6,2	5,4
Achega demanda interna (1)	2,4	2,3	2,5	2,1	1,9	-5,6	3,6	4,3
Exportacións de bens e servizos	6,6	3,4	5,7	3,8	2,8	-8,7	8,7	6,5
Importacións de bens e servizos	7,5	4,5	5,6	4,1	3,8	-8,3	8,1	6,8
Saldo exterior neto (1)	-0,1	-0,3	0,3	0,0	-0,3	-0,5	0,6	0,1
PIB	2,3	2,0	2,8	2,1	1,6	-6,1	4,2	4,4

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: Comisión Europea, *Perspectivas económicas de primavera*, abril 2021

1.1.5.

Débeda pública nas economías europeas 2009-20 (1)



(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT

1.1.6.


No que respecta aos compoñentes da demanda interna, tanto o gasto en consumo final do sector privado como a formación bruta de capital fixo redúcense nun 7,4% no ano 2020, rexistrando taxas de crecemento positivo só o gasto en consumo final das administracións públicas que se incrementa nun 1,3%.

No que á demanda externa se refire, as exportacións de bens e servizos rexistraron no último ano unha forte

caída, cun descenso das vendas ao exterior do 8,7% e do 8,3% das importacións.

As economías europeas comezan a súa recuperación, e espérase que repunten con forza a media que aumenten os índices de vacinación e se reduzan as restricións. Este crecemento estará impulsado polo aumento do consumo privado, en base á existencia dunha gran bolsa de demanda retida, polo aumento do investimento e pola

PIB en Galicia e España 2008-20 (1)(2): evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionales e de calendario (consulta: 4-3-2021)

(2) Os datos dos anos 2018 son provisionais. Os datos dos anos 2019 e 2020 son avance

Fonte: INE, *Contabilidade nacional trimestral de España*. e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia*.

1.1.7.

reactivación do comercio internacional grazas ao fortalecemento da economía mundial. Neste senso salientar que o investimento público como porcentaxe do PIB acadará o nivel máis elevado dos últimos dez anos no ano 2022 impulsado polos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Next Generation EU).

No ano 2020 todos os países da UE-27 rexistran taxas de crecemento negativo (**cadro 1.1.4.**), pero as economías cunha maior dependencia do turismo son as que presentan unha contracción maior no seu PIB, en especial España cunha caída do 10,8% é a que rexistra unha maior caída dentro da UE27, seguida de Italia cun -8,9% ou Grecia -8,2%.

No concernente ás consecuencias da crise económica sobre o emprego, as axudas públicas implementadas a nivel europeo (Mecanismo SURE) así como nos distintos países de xeito individual, evitaron un aumento drástico nas taxas de desemprego. Aínda así, a taxa de desemprego da UE-27 en 2020 foi do 7,1%, prevéndose taxas de desemprego do 7,6% en 2021 e do 7%

en 2022, en todo caso superiores aos niveis previos á crise.

España é a segunda economía da UE con maior taxa de desemprego (15,5%) só superada por Grecia (16,3%). Unhas taxas de desemprego moi preocupantes tanto pola súa contía como polo feito de que os mercados de traballo necesitarán tempo para recuperar a dinámica previa á crise económica.

Panorama económico de España

Os efectos económicos da pandemia da covid-19 póñense claramente de manifesto nos agrados da Contabilidade Nacional de España dende o primeiro trimestre de 2020.

O PIB español rexistra unha caída do 21,6% no segundo trimestre do ano en relación ao segundo trimestre do ano anterior, sendo está caída en torno ao 9% no terceiro e cuarto trimestres. Por agregación temporal dos catro trimestres, a evolución en volume do PIB no con-

PIB en España 2019-20: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2019	2020	2019				2020			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	1,3	-8,2	1,3	0,9	1,4	1,4	-3,6	-17,9	-6,9	-4,4
Gasto en consumo final dos fogares	0,9	-12,6	1,0	0,3	1,1	1,0	-6,1	-25,4	-10,5	-8,4
Gasto en consumo final das ISFLSH	3,9	-0,2	1,6	3,8	5,9	4,2	1,5	0,2	-1,3	-1,3
Gasto en consumo final das AA.PP.	2,3	4,5	2,2	2,4	2,2	2,6	3,8	3,2	3,8	7,0
Formación bruta de capital fixo	2,7	-12,4	5,7	1,3	2,8	0,9	-5,2	-24,5	-9,1	-11,0
Activos fixos materiais	2,7	-14,5	7,0	1,2	2,6	0,1	-7,1	-28,2	-10,2	-12,7
Construción	1,6	-15,8	5,3	2,7	0,9	-2,2	-6,9	-25,9	-13,1	-17,5
Bens de equipo	4,4	-13,4	10,1	-0,9	5,4	3,6	-7,8	-33,3	-6,6	-6,4
Productos da propiedade intelectual	2,6	-1,5	-0,2	2,1	3,7	5,0	4,6	-5,2	-3,3	-2,1
Demanda interna (2)	1,4	-9,0	2,1	0,9	1,5	1,0	-3,9	-18,7	-7,2	-6,3
Exportacións de bens e servizos	2,3	-20,9	1,1	3,2	2,7	2,1	-5,6	-37,8	-19,3	-20,6
Exportacións de bens	0,8	-10,2	-1,0	2,8	1,0	0,6	-3,0	-27,0	-5,3	-5,4
Exportacións de servizos	5,5	-43,2	5,8	4,1	6,6	5,5	-11,0	-60,8	-48,5	-51,9
Importacións de bens e servizos	0,7	-16,8	0,8	-0,1	2,0	0,3	-5,3	-32,5	-15,4	-14,1
Importacións de bens	-0,8	-13,2	-0,5	-2,0	0,7	-1,2	-4,8	-29,5	-10,1	-8,5
Importacións de servizos	7,7	-32,0	6,8	8,8	8,0	7,0	-7,7	-45,4	-37,4	-36,9
Demanda externa (2)	0,6	-1,9	0,1	1,2	0,3	0,7	-0,2	-2,9	-1,8	-2,7
PIB a prezos de mercado	2,0	-11,0	2,2	2,1	1,8	1,7	-4,2	-21,6	-9,0	-9,1
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-2,3	4,7	0,7	-4,4	0,0	-5,3	0,1	6,5	3,7	8,7
Industria	1,7	-9,4	0,7	1,6	2,4	2,1	-5,2	-23,7	-4,4	-4,3
Industria manufacturera	1,2	-10,7	0,3	0,7	1,9	2,0	-5,9	-27,2	-4,9	-4,7
Construción	4,3	-15,9	6,8	5,8	3,2	1,7	-6,6	-27,5	-11,0	-18,2
Servizos	2,2	-11,2	2,5	2,4	1,9	2,2	-3,3	-21,6	-10,2	-9,8
Impostos netos sobre os produtos	0,1	-13,0	0,7	0,2	0,0	-0,3	-8,8	-22,6	-10,4	-10,3

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 5-02-2021)

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE, Contabilidad nacional trimestral de España.

1.1.8.

xunto do 2020 respecto a 2019 estímase nun -11,0% (cadro 1.1.7.).

No que se refire á análise da evolución do PIB polo lado da demanda, no último ano tanto a demanda interna como externa contribúen de xeito negativo ao crecemento agregado do PIB. A demanda nacional contribúe en -9,0 puntos ao decrecemento do PIB de 2020 respecto a 2019, 10,4 puntos menos que no ano anterior. Pola súa parte, a demanda externa presenta unha aportación de -1,9 puntos, 2,5 puntos inferior á de 2019. O valor do PIB a prezos correntes para o conxunto do ano 2020 foi de 1.119.976 millóns de euros, un 10,0% inferior ao de 2019.

Atendendo á súa evolución trimestral, a declaración do estado de alarma en marzo de 2020 e as consecuencias económicas do mesmo se corresponden coas aporta-

cións ao crecemento máis negativas tanto da demanda interna con caídas do 18,7% como da demanda externa cunha aportación negativa do 2,9 no segundo trimestre do ano en termos interanuais (cadro 1.1.8.). Estas aportacións negativas modéranse no terceiro e cuarto trimestres do ano pero presentan taxas negativas en torno ao 7 no caso da demanda interna e que acadan o -2,7% no caso da demanda externa no último trimestre do ano.

Entre os compoñentes da demanda interna, tanto o gasto en consumo final como a formación bruta de capital fixo (FBCF) rexistraron unha caída sen precedentes no ano 2020. O gasto en consumo final cae en promedio no ano 2020 un 8,2%, fronte ao crecemento do 1,3% no ano anterior; estando temporalmente localizado o maior descenso no segundo trimestre do ano, ralentizándose a caída nos trimestres posteriores aca-

dando un -4,4% no cuarto trimestre do ano en relación á mesma data do ano anterior. No que ao gasto respecta é especialmente destacable a taxa de variación interanual do gasto en consumo final dos fogares que rexistra unha caída no ano 2020 do 12,6%, con picos mínimos do -25,4% no segundo trimestre do ano. Por outra banda o gasto en consumo final das Administracións Públicas presenta un crecemento interanual do 4,5%, 2,2 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

A formación bruta de capital fixo cae un 12,4% en termos interanuais, con caídas do 24,5% no segundo trimestre do ano que se moderan ao -9,1% e -11% no terceiro e cuarto trimestres. Esta caída do investimento explícase pola caída nos activos fixos materiais que presenta unha taxa a interanual do -14,5%, fronte ao incremento do 2,7% no ano 2019. Por compoñente, o investimento en vivendas e outros edificios e construcións diminúe n 15,8 puntos, mentres que o investimento en maquinaria, bens de equipamento e sistemas de armamento cae un 13,4%

No concernente á demanda externa, en 2020 as exportacións de bens e servizos presentan unha variación en relación ao ano 2019 do -20,9%, fronte ás taxas positivas do 2,3% rexistradas en 2019. Esta desaceleración prodúcese polo decrecemento das taxas interanuais das exportacións de bens (-10,2%) e fundamentalmente pola caída das exportacións de servizos (-43,2%) afectado directamente pola paralización da actividade turística.

As importacións de bens e servizos varía un -16,8% no ano 2020 respecto a 2019. Este descenso explícase pola caída do 13,2% nas importacións de bens acompañada pola redución do 32% na importación de servizos.

Dende o lado da oferta, a análise do cadro macroeconómico de España amosa que todos os sectores produtivos presentan taxas de crecemento interanuais negativas agás o sector primario, que experimenta un crecemento en relación ao ano 2019 do 4,7%, cando no ano anterior caera un 2,3%.

O valor engadido bruto (VEB) das ramas industriais di-

minúe un 9,4% en relación a 2019, ano no que a industria rexistrou un crecemento do 1,7%. Dentro deste sector, a industria manufactureira presenta unha caída interanual do seu VEB do 10,7% fronte ao aumento do 1,2 no ano anterior.

O VEB da construción varía un -15,9% (4,3% de aumento interanual no ano 2019), situándose como o sector da economía española que rexistra unha maior caída no ano 2020, e que en termos trimestrais presenta no segundo trimestre do ano unha caída do 27,2%, similar á de outros sectores, pero que se mantén con niveis de caídas do 11% e do 18,2% respectivamente no terceiro e cuarto trimestres.

Finalmente o sector servizos presenta unha variación negativa do seu VEB do 11,2% en 2020, fronte á taxa interanual positiva do 2,2% en 2019

Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, todas as ramas do sector terciario presentan taxas de variación interanuais negativas agás as actividades financeiras e de seguros (sección K, CNAE 2009), e as actividades da Administración pública, educación e sanidade (seccións O-Q, CNAE 2009) que presentan taxas de variación interanual positivas do 3,3% e 1,4% respectivamente. No extremo oposto, con caídas próximas ao 25% en relación ao VEB do ano 2019, destacan as actividades artísticas, recreativas e outros servizos (seccións R-T, CNAE 2009), e as actividades de comercio, transporte e hostalería (seccións G-I, CNAE 2009).

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo, prezos industriais e custos laborais, reflicten que España presenta unha mellora tanto fronte ao conxunto dos países da UE-27 como aos novos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.9.**).

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan que a remuneración por asalariado experimenta en España unha caída inferior á rexistrada tanto polo PIB en ter-

Índices de competitividade de España 2014-20 ⁽¹⁾

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia ⁽²⁾	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)							
2014	109,4	109,1	101,2	107,0	107,4	99,0	99,6	102,3
2015	108,3	110,0	101,0	106,1	108,3	98,9	84,1	86,9
2016	107,3	109,4	98,9	105,0	107,5	96,6	85,0	88,0
2017	107,9	110,2	98,7	105,5	108,1	96,0	87,1	91,6
2018	107,9	110,2	97,9	105,6	108,2	95,1	89,6	95,1
2019	107,3	109,3	98,5	105,0	107,3	95,6	86,0	92,4
2020	106,6	107,9	98,1	104,3	106,3	95,3	86,0	91,2

(1) a caída no índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.9.

Distribución funcional da renda en España 2008, 2019 e 2020 ⁽¹⁾

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados ⁽²⁾	Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta ⁽³⁾	Impostos netos sobre produción e importacións
	(en millóns de euros)			
2008	1.116.225	559.777	465.155	91.293
2019	1.244.772	571.008	546.449	127.315
2020	1.119.976	541.955	478.098	99.923
	(% / PIB)			
2008	100,0	50,1	41,7	8,2
2019	100,0	45,9	43,9	10,2
2020	100,0	48,4	42,7	8,9

(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 08-02-2021)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fáase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, *Contabilidad nacional trimestral de España*.

1.1.10.

Mercado de traballo en Galicia e España 2019-20

	Galicia		España	
	2019	2020	2019	2020
	<i>(taxas de variación interanual)</i>			
PIB (1)	1,8	-8,9	2,0	-11,0
Emprego				
Afiliados en alta na Seguridade Social	1,4	-1,9	2,6	-2,2
Ocupación	1,6	-1,9	2,3	-2,9
Paro estimado	-12,0	7,5	-6,6	2,0
Paro rexistrado	-6,5	10,4	-4,0	17,8
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social (2)	-0,7	-3,3	-0,5	-3,3
Sociedades mercantís creadas (3)	-6,2	-16,4	-1,6	-15,8
	<i>(miles de traballadores)</i>			
Regulación do emprego				
Traballadores afectados por expedientes autorizados	4,7	88,9	40,2	1017,8

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, base 2019 (consulta: 16-05-2021); datos 2019 e 2020 son avances

(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón

(3) datos 2020 son provisionais

Fonte: IGE, INE e Ministerio de Trabajo y Economía Social

1.1.11.

mos correntes como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas. En 2020 a remuneración de asalariados caeu en España un 5,1% en relación ao ano anterior (4,8% de incremento en 2019), en tanto que o PIB en termos correntes descende un 10%. Deste xeito, o peso da remuneración de asalariados aumenta ata o 48,4%, 2,5 puntos porcentuais máis que en 2019 (**cadro 1.1.10.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2020 un descenso medio anual do 12,5%, fronte ao incremento do 17,5% rexistrado no ano anterior. Finalmente, os impostos netos sobre a produción e as importacións redúcense un 21,5% fronte ao 39,5% de incremento experimentado no ano anterior.

As políticas públicas implementadas no ano 2020 para paliar os efectos sobre o emprego da crise sanitaria, conseguiron mitigar de xeito importante as perdas de emprego pola paralización da actividade económica; sen embargo, en termos agregados, a ralentización da actividade económica trasládase ao mercado de traballo tanto en termos de caída da ocupación como de in-

cremento do desemprego. Dunha banda, as contas económicas amosan que a caída da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi de 1.374.700 persoas (un 7,5% menos que no ano anterior), caendo un 2,2% o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España en torno ás 422.100 persoas en relación ao ano anterior, e a poboación ocupada estimada pola EPA diminúe en 576.900 persoas (un 2,9% menos que en 2019). Cómpre ter en conta que a evolución da ocupación e do desemprego estimado pola EPA non reflicte totalmente o impacto da covid-19 xa que hai persoas consideradas como ocupadas acollidas a un ERTE e outras que perderon o seu emprego contabilizadas como inactivas ante a imposibilidade de realizar unha procura activa de emprego.

Finalmente o número de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego en 2020 aumenta en 561.073 persoas en relación á mesma data do ano anterior (17,8%) a taxa de paro en España aumenta ata o 15,5%, moi superior á rexistrada na zona euro (7,9%), e á de países como Italia (9,1%), ou Portugal (6,8%) e que só está por debaixo a nivel europeo da taxa de desemprego rexistrada en Grecia (16,4%).

Emprego nas CC.AA. 2019-20

	Emprego 2019			Emprego 2020		
	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro	Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro
	(%)			(%)		
Andalucía	56,8	44,8	21,2	55,4	43,0	22,3
Aragón	59,2	53,3	10,0	58,1	51,3	11,7
Asturias	50,7	43,5	14,2	50,0	43,0	14,1
Baleares	64,4	56,8	11,7	61,6	51,7	16,1
Canarias	60,1	47,8	20,5	57,1	44,2	22,6
Cantabria	55,1	49,4	10,3	53,8	47,3	12,1
Castela e León	54,8	48,5	11,6	53,8	47,3	12,1
Castela-A Mancha	58,5	49,0	16,2	57,3	47,1	17,7
Cataluña	61,6	54,8	11,0	60,3	52,7	12,6
C. Valenciana	58,2	50,0	14,1	57,2	47,9	16,2
Extremadura	55,6	43,7	21,5	54,4	42,5	21,8
Galicia	53,1	46,9	11,8	52,2	45,9	12,0
Madrid	62,8	56,2	10,6	62,1	54,4	12,5
Murcia	59,1	50,4	14,7	58,8	49,3	16,2
Navarra	58,6	53,8	8,2	57,1	51,4	10,1
País Vasco	56,2	51,0	9,2	55,1	49,8	9,5
A Rioxa	59,5	53,6	10,0	58,4	52,1	10,8
Ceuta	58,1	43,1	25,8	56,4	42,5	24,5
Melilla	60,5	44,2	27,0	62,2	47,5	23,6
Total	58,6	50,4	14,1	57,4	48,5	15,5

Fonte: INE, EPA

1.1.12.

• Comunidades Autónomas

A Contabilidade Rexional de España, publicada en decembro de 2020 con datos para 2019, mostra que Galicia presenta unha taxa de crecemento anual do PIB en 2019 en termos de volume do 1,8%, inferior á media estatal (2%) pero superior ao da UE-27, que foi do 1,6%. En termos per cápita o PIB no ano 2019 en Galicia foi de 23.873 euros, fronte aos 26.426 euros de media estatal e os 31.160 euros da UE-27.

En termos de emprego, os datos por CCAA proporcionados pola EPA permiten facer unha análise máis actualizada con datos estimados para o ano 2020. O **cadro 1.1.12.** mostra datos por CCAA das taxas de actividade, ocupación e desemprego no ano 2020.

A taxa de actividade sitúase en España no 57,4% fronte ao 52,2% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 48,5% e 15,5%, respectivamente (45,9% e 12% en Galicia). Comparativamente entre CC.AA., Galicia é a cuarta CCAA cunha menor taxa de ocupación, só por diante de Andalucía (43%), Asturias (43%) e Canarias (44,2%); a taxa de actividade galega é

a segunda máis reducida do Estado, só por diante de Asturias (50%) e a taxa de desemprego é a terceira menor a nivel Estatal, só teñen unha menor taxa de paro o País Vasco (9,5%) e Navarra (10,1%).

No que respecta á situación competitiva das CCAA, os datos do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas na súa publicación *“Informe de la Competitividad Regional en España 2020”*, proporciona datos relativo ao ano 2019, máis entendemos, como así se explica no informe, que nos poden permitir unha aproximación á situación de partida fronte á pandemia, e o nivel de fortaleza das CCAA ante as devastadoras consecuencias da enfermidade.

Tal como se observa no **cadro 1.1.13.**, a ordenación das CCAA en base aos valores do ICREG en 2019 sitúa, un ano máis, á Comunidade de Madrid no primeiro lugar do *ranking* de CCAA que, xunto a Comunidade Foral de Navarra e o País Vasco, forman o grupo de nivel competitivo relativo ALTO. En segundo lugar, o grupo de nivel MEDIO-ALTO queda constituído por Cataluña e A Rioxa. A continuación, Aragón, Castela e León, Galicia, Cantabria e Comunidade Valenciana clasifícanse no

Ranking das CC.AA. segundo o Índice de Competitividade Rexional 2009-2019

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra	Navarra
3	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco	País Vasco
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	Aragón	Aragón	Aragón	A Rioja	Aragón	Aragón	Asturias	Aragón	Aragón	Aragón	A Rioja
6	A Rioja	A Rioja	A Rioja	Aragón	A Rioja	A Rioja	Aragón	A Rioja	A Rioja	A Rioja	Aragón
7	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Cantabria	Asturias	Cantabria	A Rioja	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Castela e León
8	Asturias	Cantabria	Asturias	Asturias	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria	Asturias	Galicia	Galicia
9	Galicia	Galicia	Galicia	Castela e León	Cantabria	Castela e León	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria	Cantabria
10	Cantabria	Asturias	Cantabria	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Asturias	C. Valenciana
11	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	Baleares	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	Asturias
12	Baleares	Canarias	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia	Murcia	Murcia
13	Canarias	Murcia	Baleares	C. Valenciana	Murcia	Baleares	Baleares	Murcia	Baleares	Baleares	Castela-A Mancha
14	Murcia	Baleares	Canarias	Canarias	Canarias	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Baleares
15	Castela-A Mancha	Extremadura	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias	Canarias	Canarias
16	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Extremadura	Andalucía	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura

Fonte: Consejo General de Economistas, "Informe de la Competitividad Regional en España 2020"

1.1.13.

Perfil do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) en Galicia 2019

	Posición	Nivel competitivo	Tendencia
Eixo 1.- Entorno económico	7	Medio-Baixo	Descenso
Eixo 2.- Mercado de traballo	10	Medio-Alto	Moderado
Eixo 3.- Capital humano	10	Medio-Baixo	Intenso
Eixo 4.- Entorno institucional	7	Medio-Alto	Forte descenso
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	Medio-Baixo	Moderado
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	14	Baixo	Forte descenso
Eixo 7.- Innovación	9	Medio-Baixo	Moderado
Galicia	8	Medio-Baixo	Leve

Fonte: Consejo General de Economistas, "Informe de la Competitividad Regional en España 2020"

1.1.14.

Impacto relativo sobre a competitividade rexional de 2020. Resultados

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
Andalucía																	
Aragón																	
Asturias																	
Baleares																	
Canarias																	
Cantabria																	
Castela e León																	
Castela-A Mancha																	
Cataluña																	
C. Valenciana																	
Extremadura																	
Galicia																	
Madrid																	
Murcia																	
Navarra																	
País Vasco																	
A Rioxa																	

● Severo. Valor superior ao 120% da media
 ● Elevado. Valor comprendido entre o 80 e o 120%
 ● Importante. Valor inferior ao 80% da media

Nota: (1) Crecemento observado. (2) Crecemento previsto. (3) Desemprego. (4) Ocupación (5) ERTE. (6) Produción industrial. (7) IED. (8) Saldo empresas. (9) Mobilidade. (10) Produtividade. (11) CLU. (12) PIBpc. (13) Alimentario. (14) Comercio. (15) Lecer. (16) Casos. (17) Falecidos

Fonte: Consejo General de Economistas. *Informe de la competitividad regional en España 2020*

1.1.15.

nivel competitivo relativo MEDIO-BAIXO. Finalmente, o grupo de comunidades con nivel BAIXO está constituído por Principado de Asturias, Rexión de Murcia, Castela-A Mancha, Illas Baleares, Canarias, Andalucía e Extremadura, que segue ocupando o último lugar do ranking competitivo en 2019. Atendendo ao valor do ICREG, Galicia sitúase no oitavo posto en 2019, igual que no ano anterior.

No ano 2019 a competitividade estrutural das 17 CCAA medrou en promedio un 3,2%. Este crecemento anual do ICREG agregado sitúase claramente por riba da taxa media de variación anual do período 2008-2019, pero é dous puntos inferior ao crecemento anual rexistrado no ano 2018, e en torno a un punto menor ao crecemento medio anual da fase de recuperación (2013-2019).

No que se refire á análise da competitividade da economía galega segundo eixos, o **cadro 1.1.14.** amosa un comportamento moi dispar: Mercado de traballo (eixo 2) e Capital humano (eixo 3) medran, mentres que En-

torno institucional (eixo 4) e Eficiencia empresarial (eixo 6) se reducen de xeito moi importante.

As variables cunha maior contribución positiva son a taxa de paro, a taxa de paro de longa duración e a taxa de paro xuvenil (eixo 2), abandono escolar temperá (eixo 3), poboación con problemas de contaminación (eixo 5) e Investigadores e empresas con medios sociais (eixo 7).

Pola contra, as contribucións máis negativas son a Variación do PIB real (eixo 1), Déficit e delitos (eixo 4), Produtividade e Custos laborais unitarios (eixo 6) e Parentes (eixo 7).

Finalmente o informe sobre a competitividade rexional en España elabora no seu apartado final, a partir de una serie de variables e indicadores directos e indirectos, unha aproximación aos efectos da crise da covid-19 sobre a competitividade rexional.

Partindo do listado de indicadores, e da información

dos mesmos para as 17 CCAA e do conxunto de España, procédese a comparar cada observación co valor promedio para España, para así establecer unha clasificación en tres niveis segundo a intensidade do impacto relativo esperado:

- Severo: valor superior ao 120% da media.
- Elevado: valor comprendido entre o 80% e o 120%.
- Importante: valor inferior ao 80% da media.

Os resultados desta clasificación aparecen no **cadro 1.1.15.** Galicia presenta un impacto severo na produción industrial. En conxunto as CCAA que verán máis afectada a súa competitividade por efecto da pandemia serán Illas Baleares, Cataluña, Canarias, Comunidade Foral de Navarra e País Vasco. Polo contrario, Galicia, Rexión de Murcia, Extremadura, Castela-A Mancha, Cantabria e Andalucía formarían o grupo de CCAA nas que, aínda sendo afectadas negativamente pola pandemia, o impacto final nos seus niveis competitivos sería relativamente menor.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.862 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.277.930 habitantes a 1 de xaneiro de 2020, 4.906 persoas máis que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 123,4 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,4%.

En termos de PIB per cápita en paridade de poder adquisitivo, o PIB por habitante da Eurorrexión en 2019 representa o 73,6% dos 27 países da UE, porcentaxe case dous puntos porcentuais superior á do ano anterior, polo que no ano 2019 retómase a tendencia converxente en termos de PIB que se perdera no ano anterior. Sen embargo, como se aprecia no **cadro 1.1.16.**, existe unha importante diferenza entre Galicia e o Norte de Portugal, acadando este indicador os 81,8 puntos en Galicia (UE27 = 100) fronte aos 67,4 puntos na rexión norte portuguesa. Sen embargo no último

ano en Galicia, a pesar de rexistrarse un incremento do PIB per cápita do 3,3%, a converxencia deste indicador coa UE-27 mantense estable no 81,8% que se rexistraba no ano anterior. A rexión Norte de Portugal, en base a un crecemento do seu PIB per cápita do 8,6%, acelera a súa converxencia en termos de PIB dende o 64,1% no ano 2018 ao xa citado 67,4% en 2019.

No que respecta ao emprego, os datos publicados en Eurostat amosan que a poboación activa tanto en Galicia como no Norte de Portugal descende de xeito moi importante en 2020, para situarse en Galicia en 1.203.500 persoas (22.000 menos que no ano precedente), en tanto que na rexión Norte de Portugal acadou un total de 1.751.700 persoas (7.300 persoas activas menos). A taxa de actividade de Galicia e Norte de Portugal é do 51% e do 56%, respectivamente, porcentaxe que se mantén no 53,8% no conxunto da Eurorrexión, 1,6 puntos inferior á media comunitaria (55,3%).

A poboación ocupada na Eurorrexión ascendeu no ano 2020 a 2.685.500 persoas (o 48,9% da poboación de 15 ou máis anos), dos que o 65,1% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 23% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 4,7% e o 7,2%, respectivamente.

Un aspecto fundamental a destacar é o distinto peso da ocupación por sectores nas dúas rexións. Segundo os datos de Eurostat, mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 69,5% das persoas ocupadas fronte ao 62,2% no Norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 26,9% e o 17,1%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 6,4% da ocupación total en Galicia fronte ao 3,6% no norte de Portugal.

Finalmente no que respecta ao desemprego e ás taxas de paro, Galicia rexistra a taxa de paro máis elevada co

Eurorexión Galicia-Norte de Portugal: principais indicadores

			Eurorexión	Galicia	Rexión Norte	UE-27
Superficie	(en Km ²)		50.862,6	29.576,7	21.285,9	4.214.995,7
Poboación						
Poboación de dereito		01/01/2020	6.277,9	2.702,6	3.575,3	447.319,9
	(miles de persoas)	01/01/2019	6.273,0	2.700,4	3.572,6	446.446,4
		01/01/2018	6.279,4	2.703,1	3.576,2	446.208,6
		01/01/2017	6.294,8	2.710,2	3.584,6	445.534,4
		01/01/2016	6.323,9	2.720,1	3.603,8	444.802,8
Densidade de poboación	(habs. / km ²)	01/01/2019	123,4	91,4	168,0	106,1
Mercado de traballo						
Poboación ocupada						
Sector primario			4,7	6,4	3,6	4,0
Industria	(%)	2020	23,0	17,1	26,9	18,5
Construción			7,2	7,0	7,3	6,6
Servizos			65,1	69,5	62,2	70,9
Desemprego (taxas paro)						
Total			9,2	12,2	7,2	7,2
Longo prazo (1)	(%)	2020	3,2	4,1	2,6	2,6
Feminino			9,8	13,4	7,4	7,5
Mozos (menores de 25 anos)			23,2	33,1	19,4	16,9
Produto interior bruto						
PIBpm	(millóns de €)	2017	134.594	65.742	68.851	13.069.698
		2018	136.453	66.987	69.467	13.517.885
		2019	144.465	69.123	75.342	13.963.897
PIB per cápita	(%, UE-27=100)	2017	72,9	82,7	65,5	100
		2018	71,7	81,8	64,1	100
		2019	73,6	81,8	67,4	100


(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa

Consulta a 11/05/2021

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de EUROSTAT

1.1.16.

Taxa de paro: Galicia e Norte de Portugal 2008-2020



Fonte: EUROSTAT

1.1.17.

12,2% en 2020, fronte ao 7,2% da rexión norte de Portugal, que se sitúa na media da UE-27. No **gráfico 1.1.17**, obsérvase a evolución da taxa de paro en Galicia e no Norte de Portugal. A taxa de paro en Galicia é superior en toda a serie analizada, sendo cada vez máis elevada a diferenza existente entre as dúas rexións en canto á poboación parada. Así a diverxencia é notable, a taxa de paro galega no ano 2009 era 1,9 puntos porcentuais superior á rexistrada no Norte de Portugal, acadando esta diferenza os 5,2 puntos porcentuais no ano 2020.

O desemprego dos menores de 25 anos, a pesar do descenso, presenta valores moi elevados en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 33,1% fronte ao 19,4% no Norte de Portugal e o 23,2% na Eurorrexión (16,9% na UE-27). 

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia


A economía galega, ao igual que o resto das economías europeas e mundiais, veuse profundamente afectada pola crise sanitaria provocada pola covid-19, o que se traduce nunha caída histórica do PIB, que en termos reais se reduce nun 8,9%, fronte ás taxas de crecemento positivas do 1,8% do ano 2019. A pesar desta caída, Galicia presenta unha caída máis moderada que a media estatal, que se estima nun 11%. Esta menor caída do PIB xunto á perda de poboación condiciona a converxencia que se produce coa media estatal.

Do mesmo xeito que acontece no Estado, tanto a demanda interna como externa, aínda que con distinta intensidade, determinan a caída do PIB. A achega da demanda interna ao crecemento agregado do PIB é negativa, detraendo en 2020 8,3 puntos porcentuais, caída só comparable á rexistrada no ano 2011 (–6,6%). A demanda externa aporta tamén unha contribución negativa aínda que moito máis moderada (–0,6%). Dentro dos compoñentes de demanda só rexistra un comportamento positivo o consumo final das Administracións públicas por mor dos gastos que se tiveron que asumir para facer fronte ás consecuencias da pandemia.

Así mesmo, a crise provocada pola covid-19 afectou de xeito desigual ás distintas actividades económicas, sendo os seus efectos moito máis intensos nas actividades relacionadas co turismo, hostalería, comercio, arte... As distintas ramas de actividade presentan en 2020 taxas de crecemento interanuais negativas. A construción é o sector que en termos relativos reduce máis o seu VEB en relación ao ano anterior, cunha caída do 12,6%, seguido polas ramas industriais (–8,6%), do sector servizos (–8,1%) e finalmente polas ramas agraria e pesqueira, cunha caída do 3,3%.

No concernente á distribución das rendas, a caída do PIB a prezos correntes do 8,9% reflíctese nunha redución do 4,3% na remuneración dos asalariados (RA) e de xeito máis acusado, nunha caída do 9,9% no Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). Como consecuencia da maior caída do EBE/RMB respecto da RA, a participación dos asalariados na renda mantén a súa tenencia positiva, situándose no 46%, 1,9 puntos porcentuais máis que no ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB baixa ata o 45,1%, nove décimas menos que no ano anterior. Estas porcentaxes supoñen o nivel máis alto

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2008-20



(1) PIBpm; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 2-03-2021)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.1.

dende 2012 no caso da RA, e o nivel máis baixo dende 2015 para o EBE/RME. Así mesmo compre destacar que neste ano 2020, por primeira vez dende o ano 2014, o peso relativo da RA sobre o PIB é superior ao peso do EBE/RMB.

A caída do PIB no ano 2020 consecuencia da crise sanitaria da covid-19 tradúcese nunha destrución de emprego de intensidade menor que noutras crises económicas. A contracción do PIB (-8,9%) trasládase ao mercado de traballo, onde a poboación ocupada e as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social descenden un 1,9% e os postos de traballo equivalente a tempo completo un 8%, e só o número medio de horas efectivamente traballadas rexistra unha caída superior á da actividade económica.

A nivel sectorial o descenso de ocupación prodúcese en exclusiva no sector servizos, cunha caída do 4%, fronte aos incrementos na construción (7,1%), no sector primario (3,5%) e na industria (1,7%).

No ano 2020 rompese coa tendencia descendente nos niveis de desemprego iniciada no ano 2014, rexistrán-

dose un incremento da poboación parada estimada pola EPA do 0,5%, acadando no ano 2020 as 146.700 persoas paradas. O incremento do desemprego estimado en Galicia foi moi inferior ao rexistrado de media no Estado (8,7%).

Análise do PIB

Ao igual que no conxunto da economía mundial, as Contas económicas trimestrais de Galicia reflicten a caída nas taxas de crecemento da economía galega. No conxunto do ano 2020, o PIB de Galicia medido en termos reais caeu un 8,9% respecto ao ano anterior, fronte ao crecemento do 1,8% estimado para o ano 2019. No primeiro apartado deste capítulo, no **cadro 1.1.7. [PIB en Galicia e España 2008-20: evolución]**, observamos como en comparación coa media estatal, a caída no crecemento da economía da Comunidade Autónoma de Galicia é máis moderada que no conxunto do Estado, onde a evolución en volume do PIB no conxunto do 2020 respecto a 2019 estímase nun -11,0%.

Tal como se observa no **gráfico 1.2.1.**, e do mesmo xeito que acontece no Estado, tanto a demanda interna

PIB 2019-20: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2019	2020	2019				2020			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	2,0	-7,4	1,0	2,2	2,5	2,3	-3,0	-17,1	-2,6	-6,7
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,1	-11,3	1,5	1,9	2,2	2,7	-5,9	-23,2	-4,3	-11,8
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,8	4,5	-0,6	3,3	3,6	1,1	5,8	1,0	2,5	9,0
Formación bruta de capital fixo	1,8	-13,2	5,9	2,8	0,6	-1,8	-9,1	-24,9	-9,6	-8,9
Demanda interna (2)	2,0	-8,3	1,8	2,3	2,2	1,6	-4,1	-18,4	-3,8	-7,0
Exportacións de bens e servizos	0,2	-5,8	1,0	-4,9	1,4	3,3	-0,5	-24,2	1,1	-0,1
Importacións de bens e servizos	0,6	-4,6	-0,7	-3,9	2,7	4,4	-1,0	-25,0	5,7	0,9
PIB a prezos de mercado	1,8	-8,9	2,7	1,8	1,5	1,1	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6
VEB. Ramas agraria e pesqueira	-0,2	-3,3	0,6	-1,1	-0,4	0,0	-2,4	-1,7	-3,1	-6,1
VEB. Ramas industriais	-1,4	-8,6	-0,2	-2,3	-2,0	-1,0	-2,0	-21,6	-5,5	-5,3
VEB. Industria manufactureira	0,6	-9,6	-1,8	-0,8	2,8	2,2	-2,0	-28,9	-3,9	-3,5
VEB. Construción	3,4	-12,6	5,3	4,2	3,0	1,4	-6,1	-22,0	-10,0	-12,2
VEB. Ramas dos servizos	2,7	-8,1	3,4	2,8	2,6	1,9	-3,3	-17,0	-5,1	-6,9
Impostos netos sobre os produtos	1,2	-15,0	3,2	1,8	0,4	-0,6	-10,2	-22,9	-12,5	-14,4

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 2-3-2021)

(2) Demanda interna en termos nacionais

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.2.

como externa, aínda que con distinta intensidade, son causa do decrecemento do PIB. A achega da demanda interna ao crecemento agregado do PIB é negativa, de- traendo en 2020 8,3 puntos porcentuais, caída só com- parable á rexistrada no ano 2011 (-6,6%). A demanda externa aporta tamén unha contribución negativa aínda que moito máis moderada (-0,6%).

A igual que acontece en Galicia, o conxunto do Estado presenta tamén achegas negativas ao crecemento in- teranual do PIB tanto da demanda interna (-9 puntos) como da demanda externa (-1,9 puntos).


No que respecta á evolución dos compoñentes da de- manda interna, **cadro 1.2.2.**, o ano 2020 caracterízase por un forte descenso do consumo final, que cae un 7,4%, fronte ao crecemento rexistrado no ano anterior (2%), así como no investimento, medido pola formación bruta de capital, que cae un 13,2% fronte ao 1,8% de crecemento do ano anterior. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, a caída da FBKT en Galicia pre- senta unha maior intensidade fronte á caída máis mo- derada do consumo final, ao caer en España o gasto en consumo final un 8,2% e o investimento un 12,4%.

A crise sanitaria e as medidas de peche da actividade postas en marcha para paliar as súas consecuencias ti- veron un efecto directo e moi negativo sobre o con- sumo final, en concreto sobre o gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF.

Por unha banda, o gasto privado en Galicia cae un 11,3%, fronte ao 2,1% de crecemento no ano anterior, sendo esta porcentaxe do -12,8% no conxunto do Es- tado. Do mesmo xeito, os principais indicadores de con- sumo mostran unha importante caída en 2020; así, o índice de vendas do comercio polo miúdo cae un 2,5% respecto ao ano anterior (prezos constantes), as impor- tacións de bens de consumo duradeiro caen un 31,2%; e o índice de produción de bens de consumo duradeiro presenta unha taxa de variación interanual do -9,8%.

Por outra banda, atendendo á evolución do indicador de confianza do consumidor (indicador que toma valo- res entre -100 e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e -100 con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen aos valores ex- tremos), no ultimo trimestre de 2020 este indicador re-

PIB en Galicia 2008-20: distribución segundo as súas compoñentes



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.3.

flicte un valor de -34,02 puntos, 14,9 puntos inferior ao mesmo trimestre do ano anterior. Asemade, empeora a percepción da situación da economía galega, que se sitúa en -44,8 puntos no citado trimestre. No que atinxe ao desemprego, o pesimismo aumenta dende os -32,11 puntos no primeiro trimestre de 2020 ata os -50,95 puntos no cuarto trimestre do ano, continuando en notable aumento no primeiro trimestre de 2021 (-58,96). É importante destacar que o indicador de confianza do consumidor varía en función do intervalo de ingresos, sendo os fogares con menores ingresos medios mensuais os que presentan valores máis baixos do ICC.

Fronte ao forte descenso do consumo privado, as me-

didias postas en marcha e as necesidades de gasto provocadas pola pandemia repercuten nun aumento do consumo das Administracións públicas, que en Galicia medra un 4,5%, fronte ao 1,9% do ano anterior, sendo esta taxa de variación semellante á rexistrada no conxunto do Estado.

En relación ao investimento, e en concreto ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial, recollidos no **cadro 1.2.4.**, reflicten unha caída do 9% no ano 2020 (-15,5% en España) cando no ano anterior Galicia

Consumo e investimento en Galicia e España 2019-20: principais indicadores

	Galicia		España	
	2019	2020	2019	2020
<i>(taxas de variación interanual)</i>				
Consumo				
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(prezos correntes)</i>	1,8	-3,7	2,5	-7,9
Índice de vendas do comercio polo miúdo <i>(prezos constantes)</i>	1,9	-2,5	2,4	-6,8
Producción de bens de consumo	6,0	-10,0	1,5	-7,1
Producción de bens de consumo duradeiro	3,6	-17,3	-1,1	-13,5
Producción de bens de consumo non duradeiro	6,2	-9,6	1,7	-6,5
Importación de bens de consumo	16,5	-12,5	5,4	-11,4
Ocupación hoteleira	4,7	-41,5	-0,1	-37,3
Gasto de Administracións Públicas	1,8	4,5	2,3	4,5
Investimento				
Producción de bens de equipo <i>(índice de produción industrial)</i>	5,4	-9,0	2,5	-15,5
Importacións de bens de equipo	15,8	3,2	3,9	-9,7
Licitación pública				
Total	-11,9	24,8	9,7	-20,5
Administración Xeral do Estado	-10,3	-3,5	17,4	-48,5
Administración autonómica	-9,6	84,0	43,7	-16,1
Administracións locais	-15,1	-3,3	-16,3	5,7

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, ICES e Seopan

1.2.4.

presentaba unha taxa media positiva do 5,4% (2,5% en España).

A balanza comercial galega no ano 2020 tamén detrae crecemento ao PIB, aínda que de xeito moito máis moderado que a demanda interna. Así no ano 2020 o cadro macroeconómico de Galicia, que ten en conta tanto as relacións comerciais con terceiros países como co resto das CC.AA. españolas, reflicte a súa achega negativa ao crecemento do PIB, consecuencia da redución tanto das importacións como das exportacións. Dunha banda, as exportacións galegas de bens e servizos descenden un 5,8% en relación ao ano anterior, e, doutra banda, as importacións caen un 4,6%. No conxunto do Estado rexístrase igualmente unha caída das exportacións e das importacións, situándose as taxas de variación interanuais negativas (dato da Contabilidade Nacional Trimestral de España) no 16,2% e 9,4%, respectivamente.

En termos monetarios, e segundo os datos a prezos correntes das Contas económicas trimestrais, as vendas fóra de Galicia ascenden a 30.590,5 millóns de euros

no último ano, en tanto que as importacións acadan un valor de 30.615,2 millóns de euros. Deste xeito, a balanza comercial galega mantén un saldo levemente negativo, acadando os 24,7 millóns de euros.

A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que o valor total das exportacións declaradas, excluído o resto do territorio español, descendeu no ano 2020 ata os 20.871,7 millóns de euros (6% menos que no ano anterior), consecuencia da caída de vendas a terceiros países (-10,7%) así como da contracción do valor das expedicións galegas a países comunitarios (-4%). O valor total das importacións/introducións acadou os 16.597,4 millóns de euros, un 16,2% menos que no ano anterior, sendo esta caída consecuencia, como no caso das exportacións, das menores compras a terceiros países (-20,6%) e a países da UE (-12,4%).

Analizando o comercio internacional en función do tipo de ben, en 2020, o 59,7% do valor total das exportacións corresponden a bens de consumo fronte ao 32,4% dos bens intermedios e un 8% aos bens de capi-

tal. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, que representa o 51,3% do valor das exportacións, seguido do 39,9% no caso dos bens de consumo. No que respecta ás importacións, tanto en Galicia como en España os bens intermedios representan o 63,9% e 62,5% do valor total das compras exteriores, fronte aos 31,6% das importacións de bens de consumo en Galicia e o 28% en España.

• Agregados da oferta

A crise provocada pola covid-19 afectou de xeito desigual ás distintas actividades económicas, sendo os seus efectos moito máis intensos nas actividades relacionadas co turismo, hostalería, comercio, arte, entre outras, e en xeral en todas aquelas que viron reprimida a demanda dos seus produtos. Sen embargo, e sen dubidar das distintas intensidades, a crise afectou negativamente a todos os sectores.

As distintas ramas de actividade analizadas polas Contas económicas trimestrais de Galicia presentan en 2020 taxas de crecemento interanuais negativas en todas as ramas de actividade. A construción é o sector que en termos relativos reduce máis o seu VEB en relación ao ano anterior, cunha caída do 12,6%, seguido polas ramas industriais (-8,6%), do sector servizos (-8,1%) e finalmente polas ramas agraria e pesqueira cunha caída do 3,3%.

En comparación co que acontece no conxunto do Estado, o sector primario presenta en Galicia un peor comportamento, xa que a nivel estatal estas actividades incrementan o seu VEB nun 4,7%. Pola contra os tres sectores restantes presentan en Galicia evolucións menos negativas, con caídas en España das ramas industriais do 9,4%, do 15,9% da construción e do 11,2% do sector servizos.

A contracción do VEB do sector industrial no ano 2020 afonda nunha tendencia iniciada no ano anterior, pero cunha intensidade so comparable coa caída do 9,5% do VEB industrial do ano 2009, así a industria pasa dunha caída do VEB no ano 2019 do 1,4% a rexistrar un descenso do 8,6% en 2020. Así mesmo a industria manu-

factureira sofre unha maior desaceleración cunha caída do 9,6% do VEB, fronte ao incremento rexistrado no ano anterior (0,6%), só comparable coa caída do 12,7% do ano 2009.


O sector da construción rexistra taxas negativa de VEB do 12,6%, a máis elevada dende 1995 (primeiro ano da serie histórica), superando a caída do 12,4% do ano 2011, o peor para o sector no período de crise 2008-2013. No conxunto do Estado o VEB xerado polo sector da construción no ano 2020 cae un 15,9%.

No concernente ao sector servizos, a caída do VEB no ano 2020 foi do 8,1%, o máis elevado da serie. Cómpre resaltar que todas as ramas de actividade consideradas presentan en 2020 taxas de variación interanuais negativas, agás “Administración Pública, sanidade e educación” e as “actividades financeiras e de seguros” fundamentalmente. Especialmente preocupante é o descenso do VEB na actividade de comercio, transporte e hostalería, dado o seu peso relativo no VEB galego, que rexistra unha caída do 19,5%, a máis intensa de toda a serie histórica, sendo ata este ano ás perdas máis importantes as rexistradas nestas ramas de actividade en 2009 (-7%). Os servizos non de mercado resisten a crise cunha desaceleración do seu crecemento, pero mantendo taxas de variación positivas do VEB (4,3%).

Tal como se mostra no **gráfico 1.2.5.** no concernente á estrutura produtiva da economía galega, o 21,1% do valor engadido bruto xerado en Galicia no ano 2020 corresponde ás actividades da Administración pública, sanidade e educación, seguidas cun 20,4% do total polo comercio, transporte e hostalería; a industria manufactureira achega o 12,3%. A construción aporta o 7,4% do VEB galego e as actividades do sector primario, un 5,4% do total.

En comparación co ano anterior, mantense estable o peso relativo do sector servizos ata o 69,9% do VEB, catro décimas máis que no ano anterior, consecuencia do aumento de peso das actividades de Administración pública, sanidade e educación (2,3 puntos porcentuais máis que en 2019) e as actividades inmobiliarias (nove décimas máis) e das actividades financeiras e de segu-

Estrutura produtiva de Galicia 2008, 2014, 2019 e 2020



Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.

1.2.5.

ros (catro décimas máis), que compensa a perda de peso das actividades de comercio, transporte e hostalaría (tres puntos menos que en 2019).

O conxunto do sector industrial reduce o seu peso en cinco décimas, así como a industria manufacturera, que presenta unha caída de catro décimas.

Se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica de 2008, cómpre destacar unha perda importante do peso do VEB da industria manufacturera galega, que pasa de aportar o 13,8% en 2008 ao 12,3% en 2020, a pesar da forte caída neste último ano de actividades de gran peso como son o comercio, transporte e hostalaría. Así mesmo tamén destaca o menor peso do sector da construción que pasa de aportar o 11,7% do VEB galego en 2008 a tan só o 7,4% en 2020.

• Distribución da renda


Como as restantes variables económicas analizadas

dentro deste capítulo, a distribución da renda tamén se veu afectada pola pandemia sanitaria no ano 2020. Partindo dos datos recollidos nas Contas Trimestrais, a caída do PIB a prezos correntes do 8,9% reflíctese nunha redución do 4,3% na remuneración dos asalariados (RA) e, de xeito máis acusado, nunha caída do 9,9% no Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). Como consecuencia da maior caída do EBE/RMB respecto da RA, a participación dos asalariados na renda mantén a súa tendencia positiva, situándose no 46%, 1,9 puntos porcentuais máis que no ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB baixa ata o 45,1%, nove décimas menos que no ano anterior. Estas porcentaxes supoñen o nivel máis alto dende 2012 no caso da RA, e o nivel máis baixo dende 2015 para o EBE/RME. Así mesmo, cómpre destacar que neste ano 2020, por primeira vez dende o ano 2014, o peso relativo da RA sobre o PIB é superior ao peso do EBE/RMB.

Semella que no ano 2020 se acelera o proceso de reequilibrio entre o peso da RA e do EBE/RMB que se viña

Asignación funcional da renda 2008-20⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
(en millóns de euros)				
2008	27.392,4	26.928,3	4.679,6	59.000,3
2009	27.310,3	24.984,3	4.559,3	56.853,9
2010	26.787,1	25.013,0	5.091,4	56.891,5
2011	26.391,3	24.231,6	4.939,5	55.562,4
2012	24.669,0	23.699,4	5.066,5	53.435,0
2013	24.405,9	23.570,4	5.248,4	53.224,7
2014	24.175,4	24.252,7	5.375,8	53.803,9
2015	24.794,8	25.036,4	5.671,4	55.502,6
2016	25.355,7	26.480,0	5.720,4	57.556,2
2017	26.056,0	27.427,0	5.938,4	59.421,3
2018	27.339,1	28.696,5	6.190,2	62.225,9
2019	28.247,1	29.419,8	6.318,5	63.985,5
2020	27.038,2	26.506,4	5.206,2	58.750,8



(1) PIBpm (prezos correntes); datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-05-2021)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fáase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fuente: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia.


1.2.6.

observando nos dous anos anteriores, máis o impacto da crise non permite asegurar que isto sexa unha continuación ou aceleración da tendencia observada (cadro 1.2.6.).

A caída do emprego asalariado equivalente a tempo completo (798.775 asalariados, un 7,4% menos que no ano anterior) provoca unha caída da masa salarial que se ve compensada polo incremento do 3,4% na RA por posto de traballo asalariado equivalente a tempo completo; un incremento favorecido polo feito que a perda de emprego afectou en maior medida a empregos temporais de sectores con rendas baixas. Sen embargo, tal como indica o INE/IGE, a situación provocada pola covid-19 fai que a análise da remunera-

ción do emprego asalariado e a súa vinculación cos custos laborais e a produtividade resulte máis relevante facela en termos de variación das horas efectivamente traballadas que nos postos de traballo equivalentes a tempo completo. Neste senso as horas traballadas diminuíron un 10% no ano 2020, fronte á caída do 8,2% dos postos de traballo asalariados equivalentes a tempo completo, consecuencia de que os ERTE permitiron manter parte do emprego asalariado reducindo os tempos efectivos de trabalo; isto tamén deriva nun aumento maior da remuneración por hora traballada asalariada (6,4% máis en relación ao ano anterior) que na remuneración por posto de traballo asalariado equivalente a tempo completo (3,4% máis que en 2019).

Produtividade aparente do traballo, remuneración por asalariado e custo laboral unitario en Galicia e España 2009-20
(2009 = 100)



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

1.2.7.

Finalmente, a análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **cadro 1.2.7.**, o CLUR cae no último ano en Galicia, rompendo a tendencia dos dous últimos anos.

Á hora de valorar a evolución do CLUR cómpre ter en conta que a caída da remuneración de asalariados en Galicia no último ano é inferior ao do conxunto do Estado (-4,3% e -5,4%, respectivamente) e a Produtivi-

dade aparente nominal, calculada como cociente entre o produto interior bruto en termos correntes e os postos de traballo ou as horas traballadas, mostra una caída do 0,2% en termos de posto de traballo equivalente e un aumento do 2,8% en termos de hora traballada.

Mercado de traballo

A caída do PIB no ano 2020 consecuencia da crise sanitaria da covid-19 tradúcese nunha destrución de emprego de intensidade menor que noutras crises económicas. Así, a contracción do PIB nun 8,9% trasládase ao mercado de traballo onde a poboación ocupada e as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social

descenden un 1,9% e os postos de traballo equivalente a tempo completo un 8%, e só o número medio de horas efectivamente traballadas rexistra unha caída superior á da actividade económica.

A nivel sectorial o descenso de ocupación prodúcese en exclusiva no sector servizos, cunha caída do 4%, fronte aos incrementos na construción (7,1%), no sector primario (3,5%) e na industria (1,7%).

No ano 2020 rómpese coa tendencia descendente nos niveis de desemprego iniciada no ano 2014, rexistrándose un incremento da poboación parada estimada pola EPA do 0,5%, acadando no ano 2020 as 146.700 persoas paradas. O incremento do desemprego estimado en Galicia foi moi inferior ao rexistrado de media no Estado (8,7%).

Os datos do mercado de traballo proporcionados pola EPA non reflicten a dureza dos efectos sobre o emprego da crise sanitaria, xa que se contabilizan como ocupados todas aquelas persoas en situación de ERTE ou aquelas que perderon o seu emprego pero que se contabilizan como inactivas ante a imposibilidade física de procurar traballo.

Tendo en conta o sinalado, de media no ano 2020 en Galicia a poboación ocupada redúcese en 21.000 persoas (-1,9%), producíndose un maior descenso na ocupación das persoas de menor idades, asalariados con contratos temporais, xornadas parciais e con menor nivel educativos, sendo tamén máis intenso o descenso da ocupación entre as mulleres.

A poboación activa galega continúa a súa tendencia descendente iniciada en 2013, acadando no conxunto do ano 2020 un total de 1.220.900 persoas, 20.100 menos que no ano anterior (-1,6%), o que supón o descenso máis acusado dende o ano 2013 (2,0%). O incremento continuado da idade media da poboación en Galicia ten como consecuencia que a poboación activa se reduza en todos os grupos de idade agás nos maiores de 55 anos. A taxa de actividade, que mide a relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, descende no ano 2020 ata o 52,2%, o valor

máis reducido dende o ano 2008. Comparado co resto das CC.AA., Galicia mantense como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa de actividade máis reducida do Estado, só por diante de Asturias.

A taxa de paro en Galicia ascendeu ata o 12%, dúas décimas máis que a media do ano anterior, aumentando o diferencial co conxunto do Estado ata os tres puntos e medio (15,5%).

Finalmente, faremos referencia á produtividade aparente do traballo, medida ben como o cociente entre o PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, ou ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Segundo os datos recollidos nas contas trimestrais, e tendo en conta que o PIB nominal contráese un 8,2%, a produtividade aparente en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo descende un 0,2% respecto ao ano anterior (-2,8% no conxunto do Estado), o que contrasta co incremento do 2,8% experimentado no caso de medirse en termos de PIB por hora traballada (0,4% de media en España). A pesar desta evolución, ambos indicadores seguen a estar por baixo da media española.


Atendendo á distribución sectorial, o sector servizos e a construción rexistran produtividades aparentes superiores á media española. En concreto, o sector da construción presenta unha produtividade aparente superior á española tanto en termos da postos de traballo equivalente como en termos do número de horas traballadas. Polo contrario, a produtividade aparente da industria manufacturera, medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, mantense no último ano no 76% da media española, e lixeiramente por riba do 80% en termos de horas traballadas. Finalmente cómpre mencionar que a produtividade relativa do sector primario é significativamente inferior á media estatal.

Un feito diferencial no mercado laboral no ano 2020 foi a irrupción do teletraballo. Segundo os datos publicados polo IGE, o número de persoas que traballan no seu domicilio particular ascende a 180.500 persoas no se-


IPC en Galicia e España 2019-20

(taxas de variación interanual)

IPC xeral



IPC subxacente



Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.8.

gundo trimestre do ano, o que representa o 17,2% da poboación ocupada. No terceiro e cuarto trimestre do ano descende o número total de persoas acollidas ao teletraballo por mor da caída das persoas que traballan no seu domicilio máis de dous días (74.700 persoas menos entre o segundo e o cuarto trimestre) o que contrasta co incremento experimentado entre os que teletraballan ocasionalmente (23.500 persoas máis entre os dos trimestres considerados).

Inflación e prezos

A taxa de variación interanual do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) foi do -0,4%, 1,1 puntos porcentuais menos que o valor rexistrando no ano anterior, unha taxa que se sitúa na media do Estado (-0,5%). Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais, os prezos en España redúcense de media un 0,3% en 2020 fronte ao

IPC en Galicia e España 2019-20: distribución segundo grupos

	2019		2020	
	Galicia	España	Galicia	España
	<i>(taxa de variación interanual mes de decembro)</i>			
Xeral	0,7	0,8	-0,4	-0,5
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,2	1,7	1,8	1,1
Bebidas alcohólicas e tabaco	-0,1	0,4	-0,3	0,3
Vestido e calzado	0,9	0,9	0,7	0,9
Vivenda	-5,4	-5,0	-0,7	-0,1
Enxoval	0,8	0,6	0,6	0,4
Medicina	1,1	0,5	0,5	0,5
Transporte	3,4	4,0	-4,5	-4,4
Comunicacións	0,6	0,7	-4,1	-4,1
Ocio e cultura	-0,4	0,1	-1,4	-1,6
Ensino	1,8	0,9	1,3	-0,2
Hoteis, cafés e restaurantes	3,0	2,0	1,4	0,3
Outros bens e servizos	1,0	1,4	1,2	1,2

Fonte: INE, *Índice de precios de consumo*

1.2.9.

incremento do 0,8% no ano precedente. Segundo os datos publicados por Eurostat, no conxunto dos países da UE-27 o incremento do IPCH foi do 0,7%, oito décimas menos que no ano anterior.

En termos interanuais, as catro provincias galegas rexistran taxas de variación negativas do IPC. As provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra reducen o seu IPC nun 0,4% en 2020, e A Coruña rexistra unha caída lixeiramente inferior (-0,3%), sendo Pontevedra a que reflicte unha taxa de variación interanual máis negativa (-0,5%).

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o IPC acada o seu rexistro máis elevado no mes de xaneiro, momento a partir do que comeza a baixar, rexistrando a partir do mes de marzo valores negativos. O mes de maio rexistra a maior caída dos prezos, cun -1,2% en Galicia (-0,9% de media no Estado), moderándose a caída nos meses posteriores, rematando o ano cun descenso do 0,4% no mes de decembro.

Tal como se observa no **cadro 1.2.9.**, o descenso de prezos máis acusado rexístrase, tanto en Galicia como en España, no grupo de “Transporte”, con caídas interanuais do 4,5% e 4,4%, respectivamente, seguido das “Comunicacións” con caídas do IPC en Galicia e de

media no Estado do 4,1%. A “Vivenda” e “Ocio e Cultura” presentan tamén caídas de prezos en torno ao 1% en relación ao ano anterior. Por contra, cómpre destacar o aumento significativo do prezo dos “Alimentos e bebidas non alcohólicas” tanto en Galicia como en España, cun 1,8% e 1,1% respectivamente, cando no ano anterior medraran un 1,2% e 1,7% en ambos os dous casos. Os prezos de “Hoteis, cafés e restaurantes” medraron en Galicia un 1,4% e un 0,3% de media no Estado.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, os que presentan o maior descenso interanual son os equipos de telefonía e fax (-9,7%), paquetes turísticos (-7,5%) e a utilización de vehículos persoais (-6,1%). No extremo oposto, os aumentos máis acusados rexístranse no caso dos efectos persoais (5,2%) e ensinanza secundaria (2,9%).

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) mantén unha tendencia positiva no ano 2020, cun crecemento medio anual no 0,9% en Galicia e do 0,7% no conxunto do Estado. Ao longo do ano, a medra da inflación subxacente oscila entre 1,3% dos meses de abril e maio ata o 0,4% de decembro en Galicia (1,2% e 0,1% en España).

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2020 ⁽¹⁾: distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía
(taxas de variación interanual)							
Andalucía	-3,3	2,8	4,2	2,7	0,2	9,9	-13,3
Aragón	1,1	-0,8	0,8	-1,4	3,5	0,5	1,2
Asturias	5,1	1,0	0,4	1,0	0,8	4,4	8,0
Baleares	2,7	0,1	0,8	0,0	-0,7	2,2	4,1
Canarias	3,8	0,8	1,2	0,8	-0,4	0,2	6,8
Cantabria	-3,1	-0,6	1,7	-1,0	1,5	-6,6	-1,4
Castela e León	0,4	0,1	0,4	0,1	-0,4	0,2	1,8
Castela-A Mancha	-2,9	-1,6	2,3	-1,8	0,2	1,9	-8,2
Cataluña	-1,3	-0,1	1,5	-0,2	0,3	0,2	-6,7
C. Valenciana	-1,9	0,6	0,6	0,6	0,8	0,0	-8,6
Extremadura	-0,1	0,0	-1,9	0,1	2,0	-0,2	-0,4
Galicia	-1,0	0,1	1,0	0,1	0,5	0,0	-3,7
Madrid	1,0	-0,2	1,0	-0,3	2,0	1,2	1,4
Murcia	-4,3	1,4	1,4	1,4	3,3	0,5	-10,0
Navarra	0,3	-0,2	-0,9	-0,1	0,1	0,9	0,9
País Vasco	-5,2	3,8	1,0	4,3	0,5	-0,4	-14,7
A Rioxa	-0,8	-1,2	0,2	-1,3	0,0	0,1	-1,5
Total	-1,4	0,4	1,3	0,3	0,8	1,2	-6,3

(1) datos no mes de decembro. Base 2015.

Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2.10.

Os datos das contas económicas trimestrais reflicten que o deflactor do PIB, que permitiría analizar a inflación que responde ao incremento dos prezos de bens e servizos producidos en Galicia, medrou en 2020 un 0,8% respecto ao ano anterior, porcentaxe menor a dos tres anos anteriores experimentado. Ao longo do último ano rexístrase un comportamento errático, con taxas de variación interanual nos catro trimestres do ano do 1%, 0%, 1,1% e 1%, condicionadas polos peches de actividades.

Finalmente, en relación á evolución dos prezos industriais, **cadro 1.2.10.**, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPRI) no mes de decembro rexistrou unha caída do 1%, porcentaxe inferior á do conxunto do Estado, onde se reduciu un 1,4%. Atendendo á súa desagregación segundo destino económico dos bens, todos os bens presentan incrementos de prezos agás a enerxía que se reduce un 3,7%, caída moi importante pero moito máis moderada que a que se rexistra de media no Estado (-6,3%). Os bens


de consumo duradeiro presentan unha medra dos prezos en relación ao mesmo período do ano anterior (1%), e os bens de equipamento do 0,5%.

Marco orzamentario


Os orzamentos públicos determinan o peso do sector público na economía e un dos indicadores para analizar este peso é o cociente entre o gasto público non financeiro e o Produto Interior Bruto (PIB). No **gráfico 1.2.11.**, realizado a partir dos datos dos orzamentos de 2019 e o avance do PIB proporcionados pola Contabilidade Rexional de España para 2019 (último ano dispoñible), observamos que dita rateo presenta un valor agregado do 13,1% para o conxunto das CC.AA. españolas, e que Galicia se sitúa por encima do promedio sinalado cun 15,3%. En termos per cápita, Galicia segue por riba do dato promedio estatal.

Os orzamentos de 2021 veñen marcados por unha situación de crise sanitaria mundial de dimensións his-

Gasto público non financeiro (%PIB) 2019



Gasto público non financeiro per cápita 2019



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e Ministerio de Hacienda

1.2.11.

tóricas. En termos estritamente orzamentarios esta crise ten consecuencias directas na elaboración dos mesmos. Por unha banda, a Comisión Europea activou a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento, o que permite unha desviación temporal respecto á traxectoria de axuste cara un obxectivo orzamentario a medio prazo. En aplicación desta cláusula o Consello de Ministros aprobou a suspensión das regras fiscais para os anos 2020 e 2021 que se substitúen por una taxas de referencia de déficit e débeda pública.

Por outra banda, a Comisión Europea tamén aprobou un importante paquete de apoio financeiro, do que as CCAA xestionarán unha parte importante. En concreto

as contas autonómicas recollen nos orzamentos de 2021, 430 millóns de euros procedentes da Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, REACT-EU, un novo instrumento que segue a lóxica do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) y do Fondo Social Europeo (FSE) para financiar proxectos de impacto contra os efectos da crise.

A Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, con todas as peculiaridades sinaladas, e co reto de coadjuvar a recuperación da economía galega da gravísima crise económica e social consecuencia da pandemia sanitaria da covid-19

Orzamentos da C.A. 2020-21: conta financeira homoxeneizada ⁽¹⁾

	2020	2021	21/20	
	(en miles de €)		(%)	
Operacións correntes				
Ingresos	9.392.392	9.966.616	574.224	6,1
Impostos directos	2.616.465	2.747.988	131.523	5,0
Impostos indirectos	3.637.903	3.337.412	-300.491	-8,3
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	187.488	171.582	-15.906	-8,5
Transferencias correntes	2.942.950	3.702.638	759.688	25,8
Ingresos patrimoniais	7.586	6.996	-590	-7,8
Gastos	8.424.411	9.014.535	590.124	7,0
Gastos de persoal	4.030.697	4.305.902	275.205	6,8
Gastos correntes de bens e servizos	1.839.634	2.012.895	173.261	9,4
Gastos financeiros	143.379	99.905	-43.474	-30,3
Transferencias correntes	2.410.701	2.595.833	185.132	7,7
Aforro bruto	967.980	952.081	-15.899	-1,6
Operacións da capital				
Ingresos	708.283	1.044.257	335.974	47,4
Alleamento de investimentos reais	6.755	4.961	-1.794	-26,6
Transferencias de capital	701.528	1.039.296	337.768	48,1
Gastos	1.691.215	2.503.002	811.787	48,0
Investimentos reais	928.867	1.534.666	605.799	65,2
Transferencias de capital	762.348	968.336	205.988	27,0
Formación de capital	982.932	1.458.744	475.812	48,4
Fondo de continxencia	33.317	45.417	12.100	36,3
Necesidade de Financiamento	-48.268	-552.080	-503.812	1.043,8
Operacións financeiras				
Atencións	1.672.632	1.833.552	160.920	9,6
Activos financeiros	153.921	243.624	89.703	58,3
Pasivos financeiros	1.518.711	1.589.928	71.216	4,7
Recursos	1.720.900	2.385.631	664.731	38,6
Activos financeiros	29.194	25.110	-4.084	-14,0
Endebadamento bruto	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5
Necesidade de Financiamento	-48.268	-552.080	-503.812	1.043,8

(1) Orzamentos 2021

Fonte: Consellería de Facenda, Orzamentos

1.2.12.

Tal como se regula no punto un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2021, que ascende a 11.664 millóns de euros. Este límite de gasto supón un incremento respecto ao ano 2020 de 1.642 millóns de euros.

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e

aprobarse en equilibrio; os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio pónense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebadamento neto, facilitan unha información precisa sobre o alcance e composición dos orzamentos.

A conta financeira dos orzamentos 2021, **cadro 1.2.12.**, reflicte que o aforro por operacións correntes alcanza os 952 millóns de euros, motivado pola suba que experimentan os ingresos correntes nun 6,1%. Do mesmo

**Clasificación económica do gasto nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia
2001-2021**

	Media	Desviación estandar	Máximo	Mínimo
	<i>(% sobre operacións non financeiras)</i>			
Gastos de persoal	19,0	2,3	28,2	17,1
Gastos en bens correntes e servizos	4,7	0,5	6,0	4,0
Gastos financeiros	1,8	0,9	3,9	0,8
Transferencias correntes	45,7	4,7	50,2	28,1
Operacións correntes	72,3	3,0	78,0	66,2
Investimentos reais	4,73	3,31	11,28	2,35
Transferencias de capital	11,97	1,47	16,29	9,20
Operacións de capital	17,70	4,21	27,57	12,70

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.13.

**Gasto de persoal e gasto non financeiro por empregado
público**

	Gasto de persoal por empregado público	Gasto non financeiro por empregado público
	<i>(en miles de €)</i>	
2009	23,493	128,0
2010	23,861	124,8
2011	22,565	102,7
2012	22,547	104,1
2013	20,909	97,4
2014	20,866	97,2
2015	20,976	98,0
2016	21,864	101,8
2017	22,051	103,7
2018	22,861	109,1
2019	23,491	112,8
2020	24,107	115,0

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.14.

xeito, os ingresos por operacións de capital, 1.044,3 millóns de euros tamén se incrementan respecto ao ano anterior motivado pola dotación dos fondos FEDER REACT-EU, así como doutras transferencias finalistas. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.503 millóns de euros, incrementándose nun 48% respecto aos orzamentos de 2020. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.458,7 millóns de euros, que financiada co aforo por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha necesidade de financiamento de 552,1

millóns de euros, incrementados nun 36,3% respecto ao ano anterior.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha necesidade de financiamento de 552,1 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos, alcanza os 770,6 millóns de euros. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros,

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2020-21: Distribución Funcional ⁽¹⁾

Funcións	2020		2021		21/20
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	
1 Actuacións de carácter xeral	302.197	2,6	312.405	2,3	3,4
11 Alta dirección da Com. Autónoma	39.450	0,3	39.948	0,3	1,3
12 Administración Xeral	71.961	0,6	77.471	0,6	7,7
13 Xustiza	156.314	1,3	161.278	1,2	3,2
14 Administración local	17.282	0,1	17.259	0,1	-0,1
15 Normalización lingüística	8.507	0,1	13.062	0,1	53,5
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	8.683	0,1	3.387	-	-
2 Protección civil e seguraza cidadá	29.008	0,2	30.344	0,2	4,6
21 Protección civil e seguridade	29.008	0,2	30.344	0,2	4,6
3 Protección e promoción social	1.102.916	9,3	1.325.667	9,1	20,2
31 Acción social e promoción social	821.452	6,9	946.877	6,8	15,3
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	274.817	2,3	371.342	2,3	35,1
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	6.647	0,1	7.448	-	12,1
4 Produción de bens públicos de carácter social	6.865.626	58,1	7.536.393	56,3	9,8
41 Sanidade	4.107.324	34,7	4.582.607	34,2	11,6
42 Educación	2.466.542	20,9	2.632.504	19,7	6,7
43 Cultura	74.493	0,6	91.165	0,7	22,4
44 Deportes	25.257	0,2	32.474	0,2	28,6
45 Vivenda	80.329	0,7	85.001	0,6	5,8
46 Outros servizos comunit. e sociais	111.681	0,9	112.642	0,8	-
5 Produción de bens públ. de carácter económico	894.990	7,6	1.121.274	8,1	25,3
51 Infraestruturas	301.526	2,6	335.266	3,1	11,2
52 Ordenación do territorio	15.666	0,1	16.649	0,1	6,3
53 Promoción do solo para actividades económicas	3.624	0,0	11.054	0,2	205,0
54 Actuacións ambientais	132.941	1,1	199.108	1,0	49,8
55 Actuacións e valorización do medio rural	148.219	1,3	171.718	1,3	15,9
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	189.593	1,6	227.512	1,6	20,0
57 Sociedade da información e do coñecemento	98.679	0,8	155.122	0,8	57,2
58 Información estatística básica	4.742	0,0	4.845	-	2,2
6 Regulación económica de carácter xeral	83.854	0,7	272.379	2,0	224,8
61 Actuacións económicas xerais	26.699	0,2	28.716	0,2	7,6
62 Actividades financeiras	57.155	0,5	243.663	1,8	326,3
7 Regulación económica de sectores produtivos e dtto. empresarial	759.994	6,4	996.805	7,4	31,2
71 Dinamización económica do medio rural	345.151	2,9	356.792	2,7	3,4
72 Pesca	108.731	0,9	126.180	0,9	16,0
73 Industria, enerxía e minaría	58.483	0,5	69.193	0,5	18,3
74 Desenvolvemento empresarial	157.906	1,3	308.418	2,3	95,3
75 Comercio	15.887	0,1	23.745	0,2	49,5
76 Turismo	73.836	0,6	112.477	0,8	52,3
8 Transferencias a entidades locais	140.887	1,2	129.450	1,0	-8,1
81 Transferencias a entidades locais	140.887	1,2	129.450	1,0	-8,1
9 Débeda pública	1.642.102	13,9	1.671.784	12,5	1,8
91 Débeda pública	1.642.102	13,9	1.671.784	12,5	1,8
Total	11.821.574	88	13.396.501	100	13,3

(1) Orzamentos 2021

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.15.

218,5 millóns, e por outra, o resto de endebedamento neto que son os 552,1 millóns de euros.

A clasificación económica do orzamento mostra un peso moi diferente dos capítulos de gasto. Así, tal como se observa no **cadro 1.2.13.**, de media no período 2001-2021, os orzamentos iniciais da Xunta de Galicia destinan o 72,3% dos recursos a gasto de operacións correntes, dos que o 45,7% son transferencias correntes e o 19% gastos de persoal, en ámbolos dous casos

cunha dispersión elevada. Neste senso, o gasto de persoal por empregado público ascende a 24.107 euros no ano 2020, un 2,6% máis que no ano anterior, mentres que o persoal ao servizo da Comunidade Autónoma aumenta un 1,1% (**cadro 1.2.14.**).

A distribución funcional do gasto (**cadro 1.2.15.**) mostra como máis da metade dos recursos orzamentarios destínanse á produción de bens públicos de carácter social, que incrementan a súa dotación en relación ao orza-

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2021: distribución funcional

	Sanidade			Educación			Seguridade, protección e promoción social			Débeda pública			Resto de funcións ou políticas		
	21/20			21/20			21/20			21/20			21/20		
	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)
Andalucía	11.552.772,1	6,7	32,2	8.322.069,9	6,8	23,2	2.550.383,5	5,2	7,1	4.787.213,6	-13,0	13,4	8.615.907,5	11,9	24,0
Aragón	2.345.972,1	13,8	33,5	1.296.496,2	9,6	18,5	475.545,1	9,8	6,8	1.435.170,6	36,8	20,5	1.448.637,8	12,5	20,7
Asturias	1.955.527,6	7,7	37,8	892.277,3	5,8	17,2	487.974,3	4,1	9,4	625.133,5	9,8	12,1	1.212.044,2	21,8	23,4
Baleares	2.009.495,9	16,5	34,2	1.020.203,6	1,5	17,3	205.128,4	11,1	3,5	1.217.193,1	-23,4	20,7	1.429.530,8	2,9	24,3
Canarias	3.292.709,8	5,1	34,5	1.942.030,7	6,4	20,4	534.275,3	1,0	5,6	1.049.517,5	-32,4	11,0	2.712.938,8	5,8	28,5
Cantabria	996.628,2	8,1	32,4	612.379,3	5,6	19,9	252.885,2	3,5	8,2	474.869,3	10,1	15,4	741.274,8	4,3	24,1
Castela e León	4.316.967,6	22,2	38,4	2.299.954,0	14,0	20,5	941.263,0	15,8	8,4	1.423.341,6	2,3	12,7	2.253.935,1	16,1	20,1
Castela-A Mancha	3.665.443,4	22,6	32,6	2.003.459,5	11,9	17,8	874.356,6	11,8	7,8	2.579.300,0	-1,0	23,0	2.108.872,1	40,8	18,8
Cataluña	9.733.532,5	0,0	25,3	6.740.074,1	0,0	17,5	2.401.247,8	0,0	6,2	10.537.050,7	0,0	27,4	9.062.639,6	0,0	23,6
Extremadura	1.876.516,4	7,7	32,3	1.187.831,6	8,3	20,5	507.877,7	3,7	8,7	645.848,5	10,2	11,1	1.588.727,6	6,6	27,4
Galicia	4.582.606,8	11,6	34,2	2.612.724,1	6,8	19,5	939.221,0	15,4	7,0	1.671.784,4	1,8	12,5	3.578.232,6	27,7	26,7
Madrid	8.187.537,7	0,3	31,6	5.113.436,4	4,0	19,8	1.867.106,8	0,2	7,2	3.228.281,8	-11,6	12,5	7.482.508,9	58,0	28,9
Murcia	1.922.556,7	0,0	31,0	1.509.013,9	0,0	24,4	392.842,9	0,0	6,3	1.485.614,1	0,0	24,0	886.991,6	0,0	14,3
Navarra	1.249.280,0	7,8	25,6	822.910,0	8,3	16,9	405.670,0	10,1	8,3	419.910,0	18,5	8,6	1.972.750,4	18,5	40,5
País Vasco	4.211.463,7	5,9	33,7	3.020.869,5	2,3	24,2	646.548,9	-1,0	5,2	983.214,0	5,8	7,9	3.616.966,1	9,6	29,0
A Ríoxa	534.614,9	16,3	28,5	345.047,8	15,2	18,4	157.015,6	16,0	8,4	280.299,3	12,8	14,9	560.564,4	34,1	29,9
C. Valenciana	7.516.686,1	11,7	29,3	5.507.920,8	8,3	21,5	1.934.796,2	18,5	7,5	6.840.319,0	7,3	26,7	3.827.828,8	19,7	14,9
Total (1)	69.950.311,3	7,6	31,3	45.248.698,7	5,6	20,2	15.574.138,0	6,5	7,0	39.684.060,9	-2,0	17,8	53.100.351,1	15,7	23,8

Consulta: 5-4-2021

Fonte: Ministerio de Hacienda, Presupuestos de las Comunidades Autónomas

1.2.16.

mento do ano anterior nun 9,8%. Aínda que en termos absolutos son os citados bens de carácter social os que rexistran un maior incremento, en termos relativos a produción de bens públicos de carácter económico se incrementa nun 25,3%, ou, entre outros, a regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial aumenta a súa dotación nun 31,2%.

Asemade, cómpre salientar o aumento do 1,8% experimentado na partida dedicada á débeda pública, acadando os 1.672 millóns de euros, o que representa o 12,5% do orzamento consolidado.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Facenda reflicten que Galicia presenta incrementos dos créditos orzamentarios consignados nas funcións de Sanidade, Educación, Seguridade e protección social e Débeda pública superiores á media das doce Comunidades Autónomas, recollidas no **cadro 1.2.16**.

Os principais indicadores da actividade económico-financeira de Galicia (**cadro 1.2.17**) rexistran que o aforo bruto previsto nos orzamentos de 2021 é de 906,6

millóns de euros, fronte aos 935 millóns do exercicio precedente. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo de 1.458,7 millóns de euros. A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2021 é de 552 millóns de euros, fronte aos 48 millóns do ano anterior. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón 585 millóns de euros (**cadro 1.2.18**).

A débeda acumulada en Galicia no ano 2020 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) aumenta lixeiramente acadando os 11.538 millóns de euros segundo o avance do Banco de España. Todas CCAA, agás Canarias, incrementan no ano 2020 a súa débeda acumulada, estando o incremento rexistrado en Galicia (2%) por debaixo do incremento medio estatal (2,9%) (**cadro 1.2.19**).

Aínda que a débeda acumulada mantense relativamente estable en relación ao ano anterior, en termos relativos, a relación entre o devandito endebedamento e o PIB aumenta ata o 19,9%, fronte ao 17,6% do PIB en 2019, o que supón o quinto nivel de endebedamento máis reducido do Estado, superando só a Cana-

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2021

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos- gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos- gastos	En (%) do PIB rexional	Capitulo 9 ppto gastos- ingresos
	(en miles de €)				(en miles de €)
Andalucía	-237.513,4	-1.779.864,6	-2.017.378,0	-1,2	-1.982.191,9
Aragón	-158.497,7	-356.934,0	-515.431,8	-1,4	-503.448,1
Asturias	-76.748,4	-236.261,3	-313.009,6	-1,3	-331.827,2
Baleares	38.070,6	-393.870,7	-355.800,1	-1,1	-354.576,5
Canarias	421.161,5	-574.853,7	-153.692,2	-0,3	-42.429,4
Cantabria	88.424,7	-240.993,2	-152.568,5	-1,1	-158.589,8
Castela e León	390.128,4	-1.035.144,6	-645.016,3	-1,1	-695.711,8
Castela-A Mancha	-542.081,0	-56.837,8	-598.918,7	-1,4	-598.918,7
Cataluña	229.690,9	-877.611,1	-647.920,2	-0,3	-1.229.747,0
Estremadura	-215.516,9	-108.070,4	-323.587,3	-1,6	-323.604,8
Galicia	906.664,1	-1.458.744,4	-552.080,3	-0,9	-770.593,8
Madrid	544.008,7	-828.149,8	-284.141,1	-0,1	-640.458,1
Murcia	19.713,1	-148.815,0	-129.101,9	-0,4	-114.875,3
Navarra	-172.022,7	-315.522,5	-487.545,2	-2,3	-469.786,5
País Vasco	-839.968,6	-923.210,5	-1.763.179,1	-2,4	-1.784.314,6
A Rioxa	-30.917,5	-194.953,1	-225.870,5	-2,6	-213.193,5
C. Valenciana	310.000,3	-1.533.525,6	-1.223.525,3	-1,1	-1.363.593,0
Total (1)	674.596,0	-11.063.362,2	-10.388.766,1	-0,8	-11.577.860,0

Consulta: 5-4-2021

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

Necesidade de financiamento da C.A. 2021

	(en miles de €)
Saldo orzamentario	-552.080,3
Axustes conforme as normas SEC	-32.919,7
Liquidacións negativas do sistema de financiación	84.807,0
Intereses	1.000,0
Inexecución	
Recadación incerta	-34.000,0
Obrigas de exercicios anteriores (conta 413/409)	
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-92.000,0
Aportacións de capital a empresas públicas	
Transferencias do Estado	
Transferencias da UE	
Reasignación de operacións	
Investimentos de APP's	
Resto de axuste	7.273,3
Capacidade / Necesidade de financiación	-585.000,0
% PIB	-0,9

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.18.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2019-20 ⁽¹⁾

	2008			2019			2020		
	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)
Andalucía	8.143	992,78	5,4	35.431	4.210,84	21,4	36.096	4.264,44	24,1
Aragón	1.517	1.143,25	4,3	8.315	6.302,63	21,9	8.742	6.575,94	25,5
Asturias	770	712,87	3,2	4.357	4.259,87	18,3	4.447	4.365,01	20,8
Baleares	2.696	2.512,95	9,8	8.863	7.710,58	26,2	9.120	7.784,61	29,9
Canarias	1.885	908,01	4,5	6.613	3.070,97	14,0	6.412	2.946,76	15,1
Cantabria	511	877,80	3,9	3.188	5.486,35	22,5	3.344	5.736,78	26,2
Castela e León	2.608	1.019,81	4,6	12.473	5.198,06	20,9	12.932	5.399,77	24,0
Castela - A Mancha	2.584	1.264,74	6,5	14.949	7.353,67	34,9	15.328	7.494,54	39,7
Cataluña	20.825	2.827,92	10,0	79.054	10.299,90	33,4	79.119	10.168,91	37,1
C. Valenciana	13.696	2.723,08	12,7	48.440	9.680,70	41,8	50.807	10.046,16	48,6
Extremadura	904	823,51	5,0	4.721	4.421,61	22,8	4.896	4.601,56	26,3
Galicia	3.954	1.420,17	6,8	11.315	4.191,52	17,6	11.538	4.270,46	19,9
Madrid	11.380	1.814,52	5,7	33.469	5.022,82	13,9	34.604	5.103,92	16,0
Murcia	755	529,41	2,6	9.562	6.400,70	29,6	10.182	6.737,46	34,9
Navarra	868	1.399,15	4,7	3.297	5.039,64	15,7	3.617	5.470,38	19,1
País Vasco	1.007	466,83	1,5	9.425	4.269,00	12,7	10.785	4.857,01	16,1
A Ríoxa	393	1.237,79	4,8	1.608	5.075,79	18,1	1.653	5.167,01	20,7

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.19.

rias (15,1%), Madrid (16%), ao País Vasco (16,1%) e Navarra (19,1%). O endebedamento por habitante aumenta tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.270,5 euros, situándose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.421,8 euros por persoa.

Os indicadores económicos da recadación tributaria do Estado en Galicia mostran o descenso dos ingresos tributarios. Tras unha caída do 8,6% respecto ao ano anterior (-8,8% en España) a recadación acadou os 6.985,2 millóns de euros, aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 3,6%.

Agás o IRPF, os ingresos tributarios diminuíron en todas as grandes figuras. A razón do positivo comportamento do IRPF nun contexto tan desfavorable está no papel compensador dos salarios e pensións públicas, xa que outras medidas de mantemento de rendas como os ERTE non teñen unha translación inmediata á recadación do imposto. No resto de figuras rexístrase unha in-


tensa caída na recadación, salientando a caída no imposto de sociedades que perde case a metade da recadación do ano 2019; así mesmo o confinamento e as medidas restritivas de mobilidade afectaron tamén á caída de recadación do IVE e dos impostos especiais.

No que respecta aos impostos directos, en 2020 en Galicia, a súa recadación redúcese nun 11,9%, para situarse nos 4.075,9 millóns de euros, 551 millóns menos que en 2019. Tal como se sinalou anteriormente, e reflicte o **cadro 1.2.20.**, a única figura que medra é o IRPF que aumenta nun 5,7% a súa recadación en relación ao ano anterior, acadando os 3.153,3 millóns de euros; incremento que non consegue compensar a caída do 44,8% na recadación do Imposto de sociedades, 663,2 millóns de euros menos que no ano anterior.

No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación cae nun 3,5% respecto ao ano 2019 para situarse nos 2.863,6 millóns (103,3 millóns menos). Entre estes, o IVE recadou un total de 2.663,2 millóns de euros, un

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2008-20. Criterio de caixa

	2008		2019		2020	
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)
Total	5.721.873	100	7.646.364	100	6.985.225	100
Impostos directos	3.977.499	69,5	4.626.959	60,5	4.075.935	58,4
IRPF	2.593.708	45,3	2.982.372	39,0	3.153.314	45,1
Impostos sobre sociedades	1.323.945	23,1	1.481.849	19,4	818.656	11,7
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	1,0	128.338	1,7	65.654	0,9
Resto capítulo I	1.846	0,0	34.400	0,4	38.311	0,5
Impostos indirectos	1.699.985	29,7	2.966.904	38,8	2.863.590	41,0
IVE	1.560.234	27,3	2.719.948	35,6	2.663.201	38,1
Impostos especiais	49.707	0,9	110.807	1,4	84.295	1,2
Tráfico exterior	88.720	1,6	127.505	1,7	107.642	1,5
Taxas e outros ingresos	44.389	0,8	52.501	0,7	45.700	0,7



Fonte: Agencia Tributaria, *Recadación tributaria*

1.2.20.

2,1% menos que no exercicio precedente (56,7 millóns menos), e os impostos especiais caeron nun 23,9%, 26,5 millóns de euros menos de recadación.


A forte caída da recadación no imposto de sociedades determina que o peso relativo no total da recadación tributaria diminúa no caso da imposición directa, que supón o 58,4% do total, 2,1 puntos porcentuais menos que no ano anterior, aumentando pola contra no caso dos impostos indirectos, que representan o 41% do total, 2,2 puntos porcentuais máis que en 2019. No que respecta aos impostos directos, aumenta o peso do IRPF, que representa o 45,1% da recadación no último ano, porcentaxe semellante á rexistrada no momento do inicio da crise económica (45,3%). Por contra o im-

posto de sociedades representa o 11,7% do total de recadación, fonte ao 19,4% do ano anterior e ao 23,1% que representaba no ano 2008.

No que atinxe aos tributos propios da Comunidade Autónoma, **cadro 1.2.21.**, o importe total destes tributos foi de 36,9 millóns de euros, rexistrándose unha aumento do 1,3% respecto ao ano anterior (457 mil euros). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia recaudatoria do canon eólico, que tras unha caída do 3% respecto ao ano precedente, supón o 60,5% dos tributos propios (22,3 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 36,3% do total de recadación (13,4 millóns de euros).


Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2019-20

	2019	2020	20/19	
	(miles de euros)		(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impuestos directos	2.485.820,9	2.777.428,8	291.607,9	11,7
10 Sobre a renda	2.249.016,8	2.519.366,2	270.349,5	12,0
11 Sobre o capital	236.568,6	257.906,1	21.337,5	9,0
Capítulo II: Impuestos indirectos	3.400.622,1	3.400.391,0	-231,1	-0,0
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xuridicos documentados	288.409,2	243.454,8	-44.954,4	-15,6
21 Imposto sobre o valor engadido	2.042.791,1	2.142.516,7	99.725,6	4,9
22 Impostos sobre consumos específicos	971.663,2	942.211,1	-29.452,0	-3,0
23 Imposto sobre o xogo	61.318,8	35.311,2	-26.007,5	-42,4
28 Impostos extinguidos	-	-	-	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	36.439,9	36.897,2	457,3	1,3
290 Tributación autonómica sobre o xogo	19,0	13,2	-5,8	-30,3
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	2.011,4	1.148,8	-862,6	-42,9
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	11.389,7	13.411,3	2.021,6	17,7
293 Canon eólico	23.019,9	22.324,0	-695,9	-3,0
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	189.304,9	170.749,6	-18.555,3	-9,8
30 Taxas administrativas	26.192,1	26.991,5	799,4	3,1
31 Prezos	34.524,5	26.668,5	-7.856,0	-22,8
32 Outras taxas	-	-	-	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	23.997,2	22.436,6	-1.560,6	-6,5
35 Ingresos derivados de compensación económicas	2.571,8	3.157,1	585,3	22,8
36 Debedores	55.263,0	42.338,6	-12.924,4	-23,4
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	-	-	-
38 Reintegros	11.642,8	14.483,5	2.840,6	24,4
39 Outros ingresos	35.113,6	34.673,9	-439,7	-1,3



(consulta: 4-05-2021)

Fonte: IGE, Administración pública

Participación da produción, a poboación e o emprego galego ⁽¹⁾ no total español 2008-20

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 2-3-2021); emprego: afiliados á Seguridade Social
 Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.22.

Proceso de converxencia económica

O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega á media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria.

Entendendo como converxencia económica o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto a outro concreto que se toma como referencia, unha das variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación prodúcese por un maior crecemento do PIB estase ante unha converxencia activa, a diferenza dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación.

• Converxencia coa media estatal

No ano 2020 o PIB galego a prezos correntes cae un 8,2% respecto ao ano anterior (-10% en España), ascendendo a 58.750 millóns de euros, o que representa o 5,25% do total estatal (**cadro 1.2.22.**), un peso unha décima superior ao do ano 2019.

A partir dos datos recollidos nas contas económicas tri-

mestrais do IGE e INE e no Padrón pódese calcular o valor do indicador PIB rexionalizable per cápita, que en 2019 sitúase en 90,3 puntos (España=100), cinco décimas máis que no ano anterior. Tendo en conta que no período 2010-2019 o crecemento medio da economía española en termos monetarios foi do 1,1%, unha décima máis que a media galega, a converxencia de Galicia respecto á media española no conxunto do período analizado prodúcese polo efecto da caída da poboación.

• Converxencia coa media europea

Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en Galicia para o ano 2019 reflicten unha medra do 3,2% en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 82% da media da UE-27 (91% no conxunto do Estado). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia é a oitava Comunidade co menor índice, superando a Estremadura (67%), Andalucía (68%), Castela-A Mancha (72%), Canarias (73%), Murcia (75%), a C Valenciana (80%) e Asturias (80%).

O dito proceso de converxencia das diferentes CC.AA.

Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2008-19 ^{(1) (2)}

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
	(PIB / habitante)									
	2008	2018	2019	19/08	19/18	2008	2018	2019	19/08	19/18
	(media España=100)			(variación absoluta)		(media UE-27=100)			(variación absoluta)	
Andalucía	76,7	74,2	74,3	-2,4	0,1	78	68	68	-10	0
Aragón	109,0	108,7	108,7	-0,3	0,0	111	99	99	-12	0
Asturias	92,0	88,1	88,2	-3,8	0,0	94	81	80	-14	-1
Baleares	108,1	108,1	106,8	-1,3	-1,4	110	99	97	-13	-2
Canarias	87,2	81,3	80,4	-6,8	-0,9	89	74	73	-16	-1
Cantabria	94,6	91,8	92,3	-2,3	0,5	97	84	84	-13	0
Castela e León	92,2	94,1	94,2	2,0	0,0	94	86	86	-8	0
Castela-A Mancha	80,7	79,4	79,5	-1,2	0,1	82	73	72	-10	-1
Cataluña	116,7	118,4	117,8	1,1	-0,6	119	108	107	-12	-1
C. Valenciana	89,8	87,7	87,8	-2,0	0,2	92	80	80	-12	0
Extremadura	69,3	73,1	73,6	4,3	0,6	71	67	67	-4	0
Galicia	87,6	89,8	90,3	2,7	0,6	89	82	82	-7	0
Madrid	132,7	136,2	135,9	3,2	-0,3	135	125	124	-11	-1
Murcia	84,2	81,9	81,9	-2,3	0,0	86	75	75	-11	0
Navarra	123,4	120,4	121,6	-1,8	1,2	126	110	111	-15	1
País Vasco	127,7	128,7	129,2	1,5	0,5	130	118	118	-12	0
A Ríoxa	107,3	106,6	106,7	-0,6	0,1	110	98	97	-13	-1
Ceuta	85,5	78,6	79,1	-6,4	0,5	87	72	72	-15	0
Melilla	80,5	72,6	72,7	-7,8	0,1	82	66	66	-16	0
Total						102	91	91	-11	0

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)


(2)2018: estimación provisional, 2019: estimación avance

(consulta: 12-03-2021)

Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.23.

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-27 e Galicia fronte a España 2000-19



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)

Fonte: IGE, INE e EUROSTAT

1.2.24.

non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2008 e 2019 Galicia perde 7 puntos porcentuais (Estremadura 4 puntos), sendo a segunda Comunidade que menos diverxe en termos de PIB por habitante, influenciado en parte pola caída da poboación nese período de tempo.

No que respecta á converxencia coa media europea, sendo o último dato dispoñible para o ano 2019 (**cadro 1.2.24.**), obsérvase que entre os anos 2008 e 2013 o indicador PIB por habitante redúcese 8,6 puntos (12 puntos no conxunto de España), mentres que dende 2013 ata o 2019 aumenta 1 punto para acadar o sinalado nivel do 82%. 

1.3. Evolución demográfica

A crise sanitaria da covid-19 ten efectos sobre a demografía que van máis aló dos episodios de excesos de mortalidade que se observan en Galicia entre marzo e abril de 2020, e que afectan á redución das taxas de natalidade e ao freo da entrada de inmigrantes. Non dispoñemos no momento da elaboración desta memoria dos datos suficientes para avaliar os efectos que esta crise terá na estrutura poboacional de Galicia, xa que os datos a 1 de xaneiro de 2021 non están o suficientemente desagregados, e teremos que trasladar esta análise á memoria socioeconómica do ano 2021.

A 1 de xaneiro de 2021 en Galicia había 2.694.245 persoas inscritas no Padrón de habitantes, o que representa o 5,69% da poboación española. En relación ao ano anterior na Comunidade Autónoma hai empadroadas 7.574 persoas menos, retomando así a tendencia descendente iniciada en 2011 e só interrompida no ano 2020.

A estrutura territorial galega, con moitos núcleos de poboación illados e de escasa densidade, deriva nunha estrutura demográfica na que dos 313 concellos de Galicia no ano 2020, o 38% dos mesmos (119) teñen

menos de 2.000 habitantes e só reside o 5,4% da poboación galega total. Esta distribución territorial é especialmente descompensada na provincia de Ourense, onde o 75% dos seus concellos teñen menos de 2.000 habitantes e neles reside tan só o 25% da poboación total da provincia.

A perda de poboación das zonas menos poboadas que se produce nas catro provincias, aínda que con intensidades diferentes, acentúa a concentración da poboación, de xeito que tres de cada catro galegos están empadroados nas comarcas da denominada Galicia costeira, que, a diferenza do que acontece nas comarcas da Galicia interior, experimentan no seu conxunto un incremento continuo de poboación nos tres últimos anos.

Asociado á perda de poboación das zonas rurais interiores, outra constante é o envellecemento da poboación por unha caída da fecundidade ou o aumento da esperanza de vida, entre outros moitos factores sociais e económicos. A un de xaneiro de 2021, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 694.033 persoas, o 25,7% da poboación total, 6 puntos porcen-


Poboación nas CC.AA. 2020-21 ⁽¹⁾

	2020				2021				21/20		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.464.411	4.170.605	4.293.806	96,6	8.465.236	4.169.947	4.295.289	96,6	825	-658	1.483
Aragón	1.329.391	656.056	673.335	27,9	1.325.371	654.802	670.569	27,8	-4.020	-1.254	-2.766
Asturias	1.018.784	486.066	532.718	96,1	1.011.560	482.554	529.006	95,4	-7.224	-3.512	-3.712
Baleares	1.171.543	584.298	587.245	234,7	1.172.333	584.574	587.759	234,8	790	276	514
Canarias	2.175.952	1.076.185	1.099.767	292,2	2.171.364	1.073.439	1.097.925	291,6	-4.588	-2.746	-1.842
Cantabria	582.905	282.559	300.346	109,5	584.308	283.284	301.024	109,8	1.403	725	678
Castela e León	2.394.918	1.178.846	1.216.072	25,4	2.381.281	1.172.214	1.209.067	25,3	-13.637	-6.632	-7.005
Castela-A Mancha	2.045.221	1.023.740	1.021.481	25,7	2.047.792	1.025.231	1.022.561	25,8	2.571	1.491	1.080
Cataluña	7.780.479	3.826.964	3.953.515	242,3	7.756.928	3.816.747	3.940.181	241,6	-23.551	-10.217	-13.334
C. Valenciana	5.057.353	2.492.121	2.565.232	217,5	5.049.415	2.487.325	2.562.090	217,1	-7.938	-4.796	-3.142
Extremadura	1.063.987	526.288	537.699	25,6	1.058.763	523.612	535.151	25,4	-5.224	-2.676	-2.548
Galicia	2.701.819	1.300.153	1.401.666	91,4	2.694.245	1.296.602	1.397.643	91,1	-7.574	-3.551	-4.023
A Coruña	1.121.815	537.781	584.034	141,1	1.119.545	536.706	582.839	140,8	-2.270	-1.075	-1.195
Lugo	327.946	158.842	169.104	45,1	325.851	157.826	168.025	44,8	-2.095	-1.016	-1.079
Ourense	306.650	147.078	159.572	31,1	304.910	146.326	158.584	30,9	-1.740	-752	-988
Pontevedra	945.408	456.452	488.956	210,3	943.939	455.744	488.195	210,0	-1.469	-708	-761
Madrid	6.779.888	3.243.793	3.536.095	837,2	6.745.591	3.227.161	3.518.430	833,0	-34.297	-16.632	-17.665
Murcia	1.511.251	756.699	754.552	133,6	1.517.938	760.173	757.765	134,2	6.687	3.474	3.213
Navarra	661.197	327.226	333.971	63,6	661.023	327.203	333.820	63,6	-174	-23	-151
País Vasco	2.220.504	1.079.452	1.141.052	306,9	2.212.561	1.075.665	1.136.896	305,8	-7.943	-3.787	-4.156
A Ríoxa	319.914	157.835	162.079	63,4	319.224	157.568	161.656	63,3	-690	-267	-423
Ceuta	84.202	42.542	41.660	4.431,7	83.517	42.214	41.303	4.395,6	-685	-328	-357
Melilla	87.076	44.162	42.914	6.698,2	86.199	43.576	42.623	6.630,7	-877	-586	-291
Total	47.450.795	23.255.590	24.195.205	93,8	47.344.649	23.203.891	24.140.758	93,6	-106.146	-51.699	-54.447
Galicia / España (%)	5,69	5,59	5,79		5,69	5,59	5,79				

(1) Datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.1.

Evolución demográfica 2008-2021 ⁽¹⁾: distribución provincial



(1) 2008 = 100
Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.2.

tuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado. Esta porcentaxe agrávase nos concellos de menos de 1.000 habitantes, onde o 44% a poboación ten máis de 65 anos (dato a 1 de xaneiro de 2020). O envellecemento en Galicia é dobremente preocupante ao estar caracterizado por un descenso continuo da poboación activa, que repercute de xeito directo na sostenibilidade do sistema de prestacións.

Un dato esperanzador é o incremento rexistrado no saldo migratorio, fundamentalmente consecuencia da entrada de persoas residentes en América Latina.

No presenta capítulo analizaremos a estrutura da poboación galega e o movemento natural da poboación, e dedicaremos un apartado específico ao panorama rural e urbano tendo en conta a importancia do rural galego tanto dende o punto de vista social como do económico ou medioambiental.

Estrutura da poboación

Dende o ano 2010, Galicia sofre unha perda estrutural continuada de poboación, tendencia a que se suma no ano 2020 a perda poboacional consecuencia da pandemia da covid-19. En todo caso, tal como analizaremos cando tratemos a mortalidade, o sistema de vixilancia da mortalidade diaria do Instituto Carlos III non parece mostrar excesos de mortalidade nin patróns inusuais, agás no período entre o 24 de marzo e o 21 de abril de 2020.

A poboación inscrita en España no Padrón Municipal de habitantes diminúe no ano 2020 en 106.146 persoas, un 0,2%, para situarse nos 47,3 millóns de persoas. A 1 de xaneiro de 2021 Galicia conta con 2.694.245 persoas empadroadas, o que supón 7.574 persoas menos que na mesma data do ano anterior. O descenso de poboación no ano 2020 afecta a homes e mulleres así como ás catro provincias galegas, aínda que de xeito máis acusado ás provincias de Lugo e Ourense. No conxunto do Estado a perda de poboación esténdese por todas as CCAA agás Andalucía e Baleares que manteñen, incluso con un leve incremento, os seus niveis de poboación.

Na última década (2011-2021) Galicia perdeu 101.177 habitantes, o que supón unha redución do 3,6%, o que contrasta co incremento de case 150 mil habitantes (0,3%) no conxunto do Estado. En comparación co resto de CCAA, nos últimos dez anos Galicia é a segunda Comunidade Autónoma cunha maior perda de poboación en termos absolutos, só superada por Castela e León (177 mil habitantes menos), e a cuarta con maior caída en termos relativos tras Castela e León, Asturias e Extremadura.

A nivel provincial as catro provincias galegas perden poboación no período 2021-2020, afectando en todas as provincias tanto a homes como a mulleres, aínda que con maior intensidade no caso das mulleres, así o 57% da poboación perdida na provincia de Ourense no último ano son mulleres, o 52,6% na provincia de A Coruña, e o 51,8% e 51,5% nas provincias de Pontevedra e Lugo respectivamente. No conxunto de Galicia das 7.574 persoas menos inscritas en xaneiro de 2021 en relación á mesma data do ano anterior, o 53% son mulleres.

A desagregación dos datos poboacionais, necesaria para analizar a evolución demográfica comarcal, por idades ou por tamaño dos concellos entre outros, que se leva a cabo neste capítulo, só permite analizar datos ata xaneiro de 2020 polo que obviamente, non se observan as consecuencias da covid-19 sobre a poboación.

No período 2008-2020, Galicia perde o 3% da súa poboación. A nivel provincial, as catro provincias galegas perden poboación no dito período, e por comarcas todas perden poboación agás as comarcas da Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, que aumentan, e Lugo, Ourense e o Baixo Miño que se manteñen estables. Sen embargo, parece preocupante que en 12 anos, período moi reducido en termos demográficos, existan comarcas en Galicia que perden máis dun cuarto da súa poboación, como é o caso de Terra de Caldelas, Terra de Trives, A Parandanta ou a Fonsagrada.

Como acontece a nivel do Estado, cunha cada vez maior despoboación da España interior e unha concentración

Evolución da poboación 2008-20 ⁽¹⁾: distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	Poboación 2020		
									Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
									(% sobre poboación)		
Total	2.784.169	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	12,6	62,0	25,5
A Coruña	1.139.121	1.132.735	1.127.196	1.122.799	1.120.294	1.119.351	1.119.596	1.121.815	12,8	62,3	24,9
Lugo	355.549	342.748	339.386	336.527	333.634	331.327	329.587	327.946	10,8	59,9	29,3
Ourense	336.099	322.293	318.391	314.853	311.680	309.293	307.651	306.650	10,5	58,0	31,5
Pontevedra	953.400	950.919	947.374	944.346	942.731	941.772	942.665	945.408	13,5	63,7	22,8
Galicia occidental costa	1.965.482	1.966.178	1.958.303	1.951.986	1.950.384	1.949.387	1.950.806	1.955.982	13,2	63,1	23,7
Galicia interior	818.687	782.517	774.044	766.539	757.955	752.356	748.693	745.837	10,8	59,2	30,0
Sete grandes cidades	993.124	994.407	989.936	987.779	987.412	988.028	990.938	995.126	13,3	63,0	23,7
Vigo	295.703	294.997	294.098	292.817	292.986	293.642	295.364	296.692	13,5	63,8	22,7
A Coruña	245.164	244.810	243.870	243.978	244.099	244.850	245.711	247.604	12,9	62,3	24,8
Ourense	107.057	106.905	106.231	105.893	105.636	105.505	105.233	105.643	12,8	61,3	25,9
Lugo	95.416	98.560	98.134	98.268	97.995	98.025	98.276	98.519	13,9	64,0	22,1
Santiago de Compostela	94.339	95.800	95.612	95.966	96.456	96.405	97.260	97.848	13,7	64,0	22,3
Pontevedra	80.749	82.946	82.539	82.549	82.671	82.802	83.029	83.260	14,5	64,5	21,0
Ferrol	74.696	70.389	69.452	68.308	67.569	66.799	66.065	65.560	11,2	60,2	28,5
Concellos segundo tamaño											
< 1.000 hab.	28.027	23.952	23.306	22.604	22.026	22.533	23.147	24.709	5,2	50,8	44,0
1.001 a 5.000 hab.	475.635	425.767	419.667	412.059	405.372	393.180	387.563	380.972	8,2	56,0	35,8
5.001 a 10.000 hab.	399.710	397.037	394.075	391.564	389.892	383.564	402.406	382.371	12,1	60,8	27,1
> 10.000 hab.	1.880.797	1.901.939	1.895.299	1.892.298	1.891.049	1.902.466	1.886.383	1.913.767	13,6	63,6	22,8

(1) datos do padrón

(2) comparativa feita en base a 2020; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 10000 hab.

Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.3.

poboacional nas grandes urbes, en Galicia a evolución demográfica non é homoxénea observándose tendencias dispares tanto entre as provincias occidentais e as do interior, como a nivel comarcal e municipal.

Por unha banda, no período 2008-2020 o conxunto das comarcas que compoñen a chamada Galicia interior sofre unha perda continua de poboación rexistrando a 1 de xaneiro de 2020 unha poboación empadroada de 745.837 persoas, 72.850 habitantes menos que en 2008 (8,9% menos), e 2.856 menos que a 1 de xaneiro de 2019 (-0,4%).


Por outra banda, a poboación residente nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia da Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na provincia de Lugo; e O

Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) no ano 2020 aumenta por segundo ano consecutivo, con 1.955.982 persoas inscritas a 1 de xaneiro de 2020, 5.176 máis que na mesma data do ano anterior.


No período 2008-2020 tanto a Galicia interior como a costeira presentan unha caída de poboación, aínda que cunha intensidade diferente, se ben esta redución ten unha intensidade moito maior nas comarcas da Galicia interior. Tras esta evolución continúa a concentración da poboación na Galicia occidental-costa ata o 72,4%, 1,8 puntos porcentuais superior á rexistrada en 2008 (**cadro 1.3.3.**).

Tal como se sinalou anteriormente, no período 2008-2020, sete comarcas aumentan de poboación, pero a favorable evolución no ano 2020, provoca que este número aumente ata 11 cando se observa o período

Evolución da poboación 2008-20



Poboación na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2008-20



Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes


1.3.4.

2019-2020. Por tanto en comparación co ano anterior once das 53 comarcas galegas rexistran unha medra da súa poboación residente: A Coruña, Santiago e Betanzos, na provincia da Coruña (3.428, 970 e 226 habitantes máis, respectivamente); Lugo (24 máis); O Baixo Miño e Ourense en Ourense (788, 589 máis cada comarca); e O Condado, Pontevedra, Vigo, o Deza e O Salnés na provincia de Pontevedra (159, 160, 2.069, 32 e 30 residentes máis, respectivamente).

A nivel municipal, a un de xaneiro de 2020, 86 dos 313 concellos galegos experimentaron no último ano unha medra da súa poboación, dos que 28 pertencen á provincia de A Coruña, 26 a Pontevedra, 19 a Ourense e 13 a Lugo.

Comparando a poboación empadroada en xaneiro de 2020 coa empadroada na mesma data de 2008, dos 52 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, 21 pertencen á provincia da Coruña e 21 a

Poboación en Galicia 2008, 2014-20 (1): distribución segundo tamaño dos concellos



(1) Datos do padrón

Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.5.

Pontevedra, 5 a Ourense e os restantes 5 concellos, a Lugo.

O número de habitantes dos sete concellos galegos con máis poboación aumenta a un de xaneiro de 2020 en relación á mesma data do ano anterior, un 0,4%, o que supón que están inscritos no padrón de habitantes 4.188 habitantes máis. Este incremento rexístrase en seis dos sete concellos analizados, perdendo poboación o concello de Ferrol, con 505 habitantes menos que en xaneiro de 2019. O incremento máis acusado en termos absolutos rexístrase no concello de A Coruña, con 1.893 persoas residentes máis (0,8%), superando a Vigo, con 1.328 máis (0,5%) e Santiago de Compostela, con 588 residentes máis (0,6%).

Atendendo á evolución dende xaneiro de 2008, destaca o descenso da poboación empadroada no concello de Ferrol, con 9.136 habitantes menos en xaneiro de 2020 que en 2008, o que supón unha caída do 12,2%. Asemade, Ourense presenta unha caída do 1,3% no período considerado (1.414 empadroados menos), permanecendo practicamente estable en Vigo, cun au-

mento do 0,3% (989 persoas máis). Os maiores incrementos da poboación empadroada rexístranse en Santiago de Compostela, cunha medra do 3,8% (3.509 persoas máis); Lugo, cun 3,2% (3.103 habitantes), Pontevedra, cun 3,1% (2.511 persoas), e finalmente, na cidade da Coruña a poboación residente medra un 1% no período sinalado (2.440 persoas máis).

En xaneiro de 2020 as sete grandes cidades galegas concentraban o 36,8% da poboación galega, unha décima máis que no ano anterior, e case un punto porcentual máis que en xaneiro do ano 2008.

A 1 de xaneiro de 2020, un total de 56 concellos en Galicia contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes, nos que en conxunto estaban empadroadas 1.913.767 persoas, 27.384 máis que na mesma data do ano anterior, o que supón o 70,8% do total da poboación de Galicia. Tal como se observa no **cadro 1.3.5.**, entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2020 estes 56 concellos incrementan o seu peso relativo dende o 67,6% en 2008, ata o xa citado 70,8%.

Nos 35 concellos que en xaneiro de 2020 tiñan menos de 1.000 habitantes, catro máis que no ano anterior, a poboación inscrita descendeu ata as 24.709 persoas (457 menos que no ano anterior), o que representa o 0,91% da poboación galega (0,93% a xaneiro de 2019).

A desagregación provincial dos datos atendendo ao tamaño dos concellos reflicte que a porcentaxe de poboación que reside nos concellos de máis de 10.000 habitantes sitúase no 82,7% en Pontevedra, a porcentaxe máis elevada das catro provincias. Na Coruña esta porcentaxe ascende ata o 71,7% da poboación empadroadada, fronte o 51,7% en Lugo e o 51,5% en Ourense.

Tendo en conta os concellos máis pequenos en termos de poboación, dentro da provincia de Ourense localízanse 69 dos 119 concellos de menos de 2.000 habitantes existentes en Galicia, estando dentro desta franxa de poboación o 67,4% dos concellos ourensáns. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas inscritas, o 36% da poboación de Ourense e o 35% no caso de Lugo está empadroadada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 15% en Galicia e do 12% no conxunto do Estado.

• Composición por idades

O envellecemento da poboación é unha tendencia a longo prazo que se iniciou fai varias décadas en Galicia así como no conxunto de Europa, que se fai evidente no incremento da proporción de persoas maiores xunto cun descenso na proporción de persoas en idade laboral. Actualmente a composición por idades da poboación reflicte ademais un progresivo envellecemento do propio sector das persoas maiores, cunha cada vez maior importancia relativa das persoas de idade moi avanzada.

A composición por idades da poboación dunha rexión determina que se incremente a carga sobre as persoas en idade laboral a fin de facer fronte ao gasto social esixido polo envellecemento da poboación para una serie de servizos conexos.

A 1 de xaneiro de 2021 a idade media en Galicia ascende a 47,8 anos, catro anos máis que a media en España, manténdose como a terceira Comunidade Autónoma con maior idade media, só por detrás de Asturias (48,9 anos) e Castela e León (48 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes, con 49,3 anos de media en Galicia no caso das mulleres e 46,1 anos no dos homes (45,1 e 42,5 anos en España, respectivamente).

As provincias españolas cunha maior idade media a 1 de xaneiro de 2021 son Zamora (51,3 anos) e Ourense e Lugo con 51 e 50,3 anos de media respectivamente, sendo estas tres as únicas provincias en España que superan os 50 anos de idade media da súa poboación. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 47,5 anos e 46,2 anos, en ámbolos dous casos por riba da media estatal.

Comparando datos entre xaneiro de 2020 e xaneiro de 2021, todas as CC.AA. presentan unha medra da súa poboación maior de 45 anos, incremento que a nivel estatal se sitúa no 1,4% (314.051 persoas máis nesa franxa de idade) e que en Galicia é do 1,2% (17.196 persoas máis).

De xeito contrario, entre as dúas datas sinaladas, prodúcese un descenso en todas as CCAA da poboación menor de 44 anos. En Galicia descende a poboación menor de 44 anos nun 2% (24.770 persoas menos), fronte ao descenso rexistrado no conxunto do Estado do 1,7% (420.197 persoas).

Tras esta evolución, tal como se observa no **cadro 1.3.6.**, un de cada catro galegos (25,8%) ten 65 ou máis anos (19,7% no conxunto do Estado), sendo a porcentaxe galega a segunda máis elevada do Estado xunto con Castela e León, só por detrás de Asturias, cun 26,6%. Por outra banda, en Galicia só o 11,5% da súa poboación ten menos de 14 anos (14,1% en España), porcentaxe, como no caso anterior, igualada por Castela e León e só inferior á rexistrada en Asturias, cun 10,6%.

Finalmente, o peso relativo das persoas maiores de 85

Poboación nas CC.AA. 2021⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
		(%)	0-14	15-44	45-64	≥65	≥85
		(%)			(%)		
Andalucía	8.465.236	17,88	15,1	37,7	29,5	17,7	2,5
Aragón	1.325.371	2,80	13,6	34,6	29,9	21,8	4,3
Asturias	1.011.560	2,14	10,6	30,4	32,4	26,6	5,1
Baleares	1.172.333	2,48	14,6	40,6	28,8	16,0	2,3
Canarias	2.171.364	4,59	12,5	39,0	31,8	16,6	2,2
Cantabria	584.308	1,23	12,7	33,4	31,3	22,6	4,1
Castela e León	2.381.281	5,03	11,6	31,4	31,2	25,8	5,5
Castela-A Mancha	2.047.792	4,33	14,6	36,8	29,6	19,0	3,7
Cataluña	7.756.928	16,38	14,7	37,6	28,7	19,1	3,2
C. Valenciana	5.049.415	10,67	14,2	36,2	29,9	19,7	2,9
Extremadura	1.058.763	2,24	13,2	35,1	30,5	21,2	4,0
Galicia	2.694.245	5,69	11,5	32,4	30,4	25,8	5,1
A Coruña	1.119.545	2,36	11,8	32,4	30,6	25,2	4,7
Lugo	325.851	0,69	10,0	30,1	30,3	29,6	7,0
Ourense	304.910	0,64	9,7	29,2	29,4	31,6	7,2
Pontevedra	943.939	1,99	12,3	34,1	30,4	23,2	4,1
Madrid	6.745.591	14,25	14,7	38,3	29,1	18,0	3,0
Murcia	1.517.938	3,21	16,6	39,1	28,3	16,0	2,4
Navarra	661.023	1,40	15,1	35,7	29,3	20,0	3,5
País Vasco	2.212.561	4,67	13,3	33,2	30,7	22,8	4,1
A Rioxa	319.224	0,67	14,1	34,7	30,0	21,2	4,1
Ceuta	83.517	0,18	19,3	41,3	27,1	12,3	1,5
Melilla	86.199	0,18	22,3	41,6	25,3	10,8	1,3
Total	47.344.649	100	14,1	36,5	29,7	19,7	3,3

(1) Datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.6.

anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 5,1%, dúas décimas máis que no ano anterior, o que a sitúa tan só por detrás das mencionadas Castela e León e Asturias (5,5% e 5,1%, respectivamente), e moi por encima da media estatal que é do 3,3% da poboación total.


No período 2008-2021 (**gráfico 1.3.7.**), o descenso da poboación galega afecta en exclusiva ao conxunto de persoas con menos de 44 anos. A poboación menor de 14 anos no dito período en Galicia cae un 1,4% (4.292 persoas menos) o que contrasta co incremento do 0,3% a nivel estatal. Sen embargo o descenso máis acusado, tanto a nivel galego como no conxunto do Estado, rexístrase entre a poboación entre 15 e 44 anos cunha caída en Galicia do 23,4% (268 mil persoas menos), porcentaxe superior á caída media no Estado que foi do 16,4% no citado período 2008-2021.

Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas aínda que inferiores á media española. Neste senso, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cun 63,4%; así mesmo, a poboación de 45 a 64 anos aumenta un 12,5% e a poboación de 65 a 84 anos, un 7,4% no período 2008-2021.


A nivel provincial, Ourense e Lugo son as provincias galegas onde unha maior porcentaxe da súa poboación ten idades superiores aos 65 anos. O 31,6% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe tres veces superior á dos menores de 15 anos (9,7%). Na provincia de Lugo o 29,6% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 10% dos menores de 15. Asemade, o 7,2% da poboación de Ourense ten 85 ou máis anos e o 7% en Lugo. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo co 39,1% e 38,9% son, xunto con Zamora (39,1%), son as que presentan

Poboación en Galicia e España 2008 e 2021⁽¹⁾: estrutura segundo grupos de idade

Galicia



España



(1) Os datos de 2008 son definitivos e 2021 son provisionais a 1 de xaneiro
 Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.7.


as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos (9,7%, 10% e 9,2%, respectivamente).

As pirámides de poboación recollidas nos **cadros 1.3.8.** e **1.3.9.** reflicten a estrutura poboacional en Galicia e nas catro provincias galegas. Os cambios nas pirámides de poboación reflicten tendencias graduais que se manteñen estables no tempo, así a pirámide de Galicia mostra para o período 2008-2021 un engrosamento nos grupos quinquenais a partir dos 40 anos. En 2008 os grupos máis numerosos corresponden aos de 30-34 anos (8,2% da poboación galega) e 35-39 anos (7,8%)

mentres que en 2021 os grupos quinquenais maioritarios son os de 40-44 e 45-49 anos, que concentran o 8,2% da poboación total en ámbolos dous casos. Asemade, indica que o maior incremento en termos absolutos prodúcese entre as persoas de 65 a 69 anos con 31.227 persoas máis, mentres que as caídas máis acusadas están nos grupos de 30-34 anos e 25-29 anos, con caídas de 90.836 e 86.611 persoas respectivamente.

O **cadro 1.3.9.** reflicte as importantes diferenzas existentes entre as provincias da Coruña e Pontevedra e de Lugo e Ourense, presentando estas últimas non só

Pirámide de poboación de Galicia 2008 e 2021



Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.8.

unha maior porcentaxe de poboación maior de 85 anos, senón tamén un maior incremento. Neste senso, a un de xaneiro de 2021 a poboación de 85 e máis anos representaba o 7,2% da poboación de Ourense, 2,7 puntos porcentuais superior á de 2008; mentres que en Lugo o seu peso relativo ascendía a 7%, 2,6 puntos máis que en 2008. Por contra, o 4,1% da poboación empadroada en Pontevedra ten 85 e máis anos, 1,7 puntos porcentuais máis que no ano 2008, e en A Coruña, o 4,7%, 2,4 puntos máis.

As disparidades entre provincias tamén se reproducen entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, entre 2008 e 2020 a caída de poboación na Galicia interior foi de 72.850 persoas fronte ao descenso de 9.500 nas comarcas que compoñen a Galicia costa.


No dito período 2008-2020 o descenso da poboación na Galicia interior é xeneralizado, rexistrándose tanto no caso dos menores de 16 anos (3.829 habitantes menos), como na poboación potencialmente activa (66.917 persoas menos) e nos maiores de 65 anos (2.104 persoas menos). Nas comarcas que integran a

denominada Galicia occidental-costa o descenso prodúcese tan só no caso da poboación de 16 a 64 anos (101.021 habitantes menos), aumentando en 87.066 empadroados no caso das persoas de 65 e máis anos e en 4.455 os menores de 16 anos.

No ano 2020, as comarcas da Galicia interior presentan unha poboación máis envellecida, representando as persoas maiores de 64 o 30% da súa poboación (23,7% na costa), en tanto que a poboación menor de 16 anos supón o 10,8% no interior e o 13,2% na Galicia occidental-costa.

Se temos en conta a idade de poboación en función ao tamaño do concello no que reside, mentres que no conxunto de Galicia a poboación con máis de 65 anos representa o 25,5% da poboación no ano 2020, nos concellos con menos de 1.000 habitantes, o 44% da súa poboación supera os 65 anos, situándose esta porcentaxe no 35,8% nos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (22,8% nos concellos de máis de 10.000 habitantes). A poboación menor de 16 anos é o 5,2% nos concellos menores de 1.000 habitantes, e sitúase no

Pirâmides de poboación 2008 e 2021. Distribución segundo provincias



Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.9.

8,2% co caso daqueles cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes (12,6% no conxunto de Galicia).

Entre as sete grandes cidades de Galicia (**cadro 1.3.3.**), Pontevedra, cun 14,5%, é a que presenta a maior porcentaxe de persoas menores de 16 anos, así como o menor peso relativo no caso das persoas de 65 e máis, cun 21%. Por contra, Ferrol ten un 11,2% da poboación con menos de 16 anos e un 28,5% supera os 65 anos.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

A 1 de xaneiro de 2020 en Galicia (**cadro 1.3.10.**) residían un total de 112.638 persoas con nacionalidade es-

tranxeira, o que supón un incremento do 11,7% respecto á mesma data do ano anterior, 11.770 persoas estranxeiras máis.

A poboación estranxeira representa o 4,2% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 11,5% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal; Galicia segue sendo a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (3,3%). En Galicia están inscritos o 2,1% dos estranxeiros residentes no Estado español, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,7%.

Poboación estranxeira en Galicia e España 2020 ⁽¹⁾

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	112.638	54.025	58.613	2.701.819	1.300.153	1.401.666	4,2
A Coruña	43.052	20.378	22.674	1.121.815	537.781	584.034	3,8
Lugo	16.153	8.106	8.047	327.946	158.842	169.104	4,9
Ourense	15.633	7.428	8.205	306.650	147.078	159.572	5,1
Pontevedra	37.800	18.113	19.687	945.408	456.452	488.956	4,0
España	5.434.153	2.719.877	2.714.276	47.450.795	23.255.590	24.195.205	11,5
Galicia / España	2,1	2,0	2,2	5,7	5,6	5,8	
A Coruña / Galicia	38,2	37,7	38,7	41,5	41,4	41,7	
Lugo / Galicia	14,3	15,0	13,7	12,1	12,2	12,1	
Ourense / Galicia	13,9	13,7	14,0	11,3	11,3	11,4	
Pontevedra / Galicia	33,6	33,5	33,6	35,0	35,1	34,9	

(1) Últimos datos definitivos disponibles
 Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.10.

Poboación estranxeira: 2020 ⁽¹⁾

Lugar de nacemento	Poboación					
	Total	(%)	Nacionalidade		(%)	(%)
			española	non española		
España	2.701.819	100	2.589.181	112.638	100	
Estranxeiro	249.345	9,2	142.078	107.267	95,2	4,8
Países europeos	80.094	3,0	47.898	32.196	28,6	
UE (28)	59.801	2,2	30.360	29.441	26,1	
Países europeos non UE(28)	20.293	0,8	17.538	2.755	2,4	
África	18.768	0,7	5.122	13.646	12,1	
América	143.483	5,3	87.176	56.307	50,0	
América Central e Caribe	22.408	0,8	13.654	8.754	7,8	
América do Norte	7.802	0,3	5.557	2.245	2,0	
América do Sur	113.273	4,2	67.965	45.308	40,2	
Asia	6.605	0,2	1.629	4.976	4,4	
Oceanía	395	0,0	253	142	0,1	

(1) Últimos datos definitivos disponibles
 Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.11.

En termos absolutos, as provincias da Coruña, con 43.052 empadroados con nacionalidade estranxeira, e Pontevedra, con 37.800, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros.

É salientable que, atendendo ao peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 5,1%

da súa poboación total, seguida de Lugo, co 5%, Pontevedra co 4% e finalmente A Coruña co 3,8% da súa poboación total.

O incremento de poboación rexistrado en Galicia entre xaneiro de 2019 e xaneiro de 2020 ten a súa orixe no aumento de poboación estranxeira que compensa a caída de poboación con nacionalidade española. A po-

Movements migratorios con terceiros países 2019-20 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	1º semestre de 2019			1º semestre de 2020		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	11.077	3.958	7.119	7.877	3.543	4.334
Española	2.848	1.861	987	1.607	1.983	-376
0-14	379	162	217	221	177	44
15-39	885	943	-58	470	941	-471
40-64	1.038	569	469	618	637	-19
≥65	546	187	359	298	228	70
≥85	70	29	41	37	36	1
Estranxeira	8.229	2.097	6.132	6.270	1.560	4.710
0-14	1.337	174	1.163	1.074	140	934
15-39	4.533	1.016	3.517	3.462	683	2.779
40-64	2.029	753	1.276	1.515	606	909
≥65	330	154	176	219	131	88
≥85	23	17	6	12	11	1

(1) os datos de 2020 son provisionais
 Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.12.

boación estranxeira aumenta en Galicia en 11.770 persoas, fronte ao descenso en 9.450 inscritos con nacionalidade española.

Entre as persoas de nacionalidade española esta caída rexístrase nas catro provincias, sendo as máis acusadas as rexistradas en Lugo, con 3.210 persoas menos de nacionalidade española, e A Coruña, con 2.726 menos. En termos relativos, tanto Lugo como Ourense presentan unha caída do 1% e 0,8% respectivamente respecto ao un de xaneiro de 2019, fronte ao 0,2% da Coruña e o 0,1% en Pontevedra.

Pola contra o número persoas de nacionalidade estranxeira inscritas aumenta nas catro provincias en relación ao ano anterior. A Coruña rexistra o maior incremento, con 4.945 persoas estranxeiras máis (13%); seguida de Pontevedra, con 3.794 persoas máis (11,1%). A provincia de Ourense é a que presenta o menor crecemento tanto en termos absolutos (1.462 persoas) como relativos (10,3%). Cómpre resaltar que as catro provincias presentan unha medra superior á rexistrada no conxunto de España (7,9%).

Se se considera o lugar de nacemento da poboación estranxeira residente en Galicia, **cadro 1.3.11.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro

de 2020, o 50% procede do continente americano, dos que máis do 80% naceron en América do Sur, o 28,6% procede de Europa, o 12,1% son africanos e o 4,4%, asiáticos.

Os nados en América do Sur son os estranxeiros que en maior número residen en Galicia. Das 113.273 persoas nadas en América do Sur que residían en Galicia a un de xaneiro de 2020, 10.712 máis que no ano anterior (10,4% máis), o 55,6% teñen nacionalidade española, e o 44,4% son de nacionalidade estranxeira.

No ano 2020 aumenta o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 142.078 persoas, dos que o 47,8% proceden de América do Sur, o 21,4% da Unión Europea 28 (agás España) e o 12,3% do resto de países europeos.

En relación aos movementos migratorios rexistrados en Galicia (**cadro 1.3.12.**), entre o primeiro semestre de 2019 e de 2020, o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo de 4.334 persoas, aínda que moi inferior ao do período anterior. No primeiro semestre de 2020, as saídas cara ao resto de España son inferiores ao volume de entradas rexistradas, igual que acontece coas emigracións galegas cara a terceiros países, que

Indicadores demográficos das CC.AA. 2020 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.478.084	10.929	281	-6.480	8.482.705
Aragón	1.330.333	3.923	568	-3.475	1.331.316
Asturias	1.018.899	1.352	37	-4.842	1.015.425
Baleares	1.210.725	5.172	-1.026	335	1.215.174
Canarias	2.236.992	9.675	-204	-1.925	2.244.480
Cantabria	582.388	1.180	490	-1.694	582.353
Castela e León	2.401.307	3.004	-265	-12.668	2.391.308
Castela-A Mancha	2.045.554	4.169	1.359	-7.924	2.043.128
Cataluña	7.652.348	20.158	-1.524	-15.347	7.655.499
C. Valenciana	5.029.341	12.140	1.693	-6.815	5.036.278
Extremadura	1.061.979	873	-332	-3.199	1.059.310
Galicia	2.702.592	4.334	818	-8.956	2.698.718
Madrid	6.747.068	24.814	-1.264	-14.895	6.755.609
Murcia	1.504.869	3.681	-71	673	1.509.139
Navarra	656.509	1.522	280	-1.082	657.216
País Vasco	2.189.138	5.671	-114	-5.172	2.189.490
A Ríoxa	315.931	911	145	-843	316.137
Ceuta	84.085	166	-335	85	83.999
Melilla	84.473	182	-536	167	84.284
Total	47.332.614	113.856	-	94.057	47.351.567

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.13.

son moi inferiores ás entradas de estranxeiros en Galicia.

No que ás migracións cara e dende terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2020 un total de 3.543 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega, e 7.877 persoas estableceron a súa residencia en Galicia. Como resultado acádase nos primeiros seis meses do ano 2020 un saldo de 4.334 persoas (no primeiro semestre de 2019 foi de 7.119). O saldo migratorio no caso das persoas de nacionalidade española é negativo en 376 persoas, polo contrario as persoas de nacionalidade estranxeira presentan un saldo positivo de 4.710 persoas.

Máis da metade das persoas de nacionalidade estranxeira que fixan a súa residencia en Galicia no primeiro semestre de 2020 teñen entren 15 e 39 anos, así como o 44% dos residentes estranxeiros en Galicia que saen cara un terceiro país, sendo o saldo migratorio das persoas nesta franxa de idade positivo en 2.779 persoas.

Non obstante, este saldo sería negativo se se considerara tan só ás persoas de nacionalidade española (-471). Salientar igualmente que o 7% dos inmigrantes e o 10% dos emigrantes teñen máis de 65 anos, cun saldo migratorio positivo no primeiro semestre de 2020 de 158 persoas, dos que 70 persoas posúen nacionalidade española e 88 estranxeira.


No que atinxe aos movementos interautonómicos, o saldo migratorio para Galicia no primeiro semestre de 2020 é positivo en 818 persoas, aínda que máis reducido que no primeiro semestre de 2019. Por idades o saldo é positivo agás na franxa de 30 a 34 anos e maiores de 80 anos.

Movemento natural da poboación


A actualización temporal dos datos dos que dispoñemos non permite observar os efectos sobre as taxas de mortalidade da pandemia sanitaria da covid-19. Sen embargo, tal como se sinalou na introdución deste ca-

Movemento natural da poboación 2008-19

Nacementos e defuncións



Taxas brutas de natalidade e mortalidade



Consulta: 5-02-2021

Fonte: INE, *Fenómenos demográficos* e IGE, *Nacementos, matrimonios e defuncións*.

1.3.14.


pítulo, o sistema de vixilancia da mortalidade diaria do Instituto Carlos III non parece mostrar excesos de mortalidade nin patróns non usuais, agás no período entre o 24 de marzo e o 21 de abril de 2020.

Tal como observamos, o saldo migratorio en Galicia no primeiro semestre de 2020 é positivo tanto con terceiros países como a nivel interautonómico, sen embargo o saldo vexetativo da nosa comunidade continúa ser marcadamente negativo (**cadro 1.3.13.**), cunha perda de 8.956 persoas, o cuarto máis elevado do Estado.

A serie estatística do IGE (**cadro 1.3.14.**) mostra que 1987 é o último ano que Galicia presenta un saldo vexetativo positivo, ano a partir do que os saldos vexetativos son sempre negativos, acadando en 2019, último dato dispoñible, o segundo saldo negativo máis elevado da serie despois de 2018, con 15.542 defuncións máis que nacementos.

No ano 2019, en Galicia por cada 1.000 habitantes rexístranse 5,8 defuncións máis que nacementos. Isto sitúa a nosa Comunidade Autónoma como a terceira

Mortalidade en Galicia por tódalas causas: 2020-21



Nota: Q1 é o límite inferior do intervalo de confianza das defuncións agardadas, correspondente ao percentil 1 da distribución. Q99, equivale ao percentil 99 do límite superior.
 Fonte: Instituto de Salud Carlos III. MoMo.

1.3.15.

cun menor saldo vexetativo por cada mil habitantes, por detrás de Asturias (7,6 defuncións máis que nacementos) e Castela e León (6 defuncións máis que nacementos).

Os datos definitivos do ano 2019 reflicten un leve descenso do saldo negativo, consecuencia dun descenso do 5,4% no número de nacementos, fronte á caída do 10,2% no ano anterior, e dunha caída tamén nas defuncións do 3,7%, fronte ao aumento do 1,4% das defuncións en 2018.

Existe unha vinculación directa entre a natalidade e a estrutura poboacional, o que condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 5,82 nacementos por cada 1.000 habitantes, o que a sitúa como a segunda Comunidade Autónoma co índice máis reducido tras Asturias (5,05), sendo a media estatal de 7,62.

As taxas de natalidade difiren de xeito moi relevante se a nai ten nacionalidade española (5,47 fillos nados por cada 1.000 habitantes en Galicia) ou se a nacionalidade da nai é estranxeira (14,32 fillos por cada 1.000 habitantes).

A taxa bruta de mortalidade foi en Galicia no ano 2019 de 11,59 falecidos por cada 1.000 habitantes, a terceira máis elevada do Estado tras Asturias, con 12,64 falecidos, e Castela e León, con 11,95 (a media estatal sitúase en 8,83 falecidos por cada mil habitantes).

Finalmente, o Sistema de Monitorización da Mortalidade diaria (MoMo) (**gráfico 3.1.15.**) mostra os datos de mortalidade diaria e a comparativa coas estimacións de mortalidade esperada realizadas mediante modelos baseados nas medias históricas de mortalidade observada nos últimos 10 anos.

En Galicia entre decembro de 2019 e decembro de 2020 só se estima un período de exceso que vai dende o 24/03/2020 ata o 21/04/2020 con 3.082 defuncións observadas, sendo as estimadas de 2.558, polo que se produce un exceso de 524 defuncións, o que indica unha porcentaxe de defuncións en exceso do 20,5%.

Panorama rural e urbano

Unha das características propias da estrutura demográfica galega atopámola nas diferencias de densidade entre os territorios occidentais costeiros e os interiores;

Evolución demográfica de Galicia: distribución segundo o grao de urbanización ⁽¹⁾

	1996	2008	2017	2018	2019	2020
Galicia						
Total	2.742.622	2.784.169	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819
ZDP	973.800	993.124	987.412	988.028	990.938	995.126
ZIP	869.763	978.544	993.473	994.180	994.428	997.547
ZPP	899.059	812.501	727.454	719.535	714.133	709.146
A Coruña						
Total	1.110.302	1.139.121	1.120.294	1.119.351	1.119.596	1.121.815
ZDP	420.505	414.199	408.124	408.054	409.036	411.012
ZIP	354.727	415.621	427.138	428.214	429.375	431.150
ZPP	335.070	309.301	285.032	283.083	281.185	279.653
Lugo						
Total	370.303	355.549	333.634	331.327	329.587	327.946
ZDP	85.174	95.416	97.995	98.025	98.276	98.519
ZIP	83.893	87.005	85.480	85.246	84.843	84.607
ZPP	201.236	173.128	150.159	148.056	146.468	144.820
Ourense						
Total	346.913	336.099	311.680	309.293	307.651	306.650
ZDP	107.060	107.057	105.636	105.505	105.233	105.643
ZIP	51.200	61.183	61.990	62.006	61.897	61.962
ZPP	188.653	167.859	144.054	141.782	140.521	139.045
Pontevedra						
Total	915.104	953.400	942.731	941.772	942.665	945.408
ZDP	361.061	376.452	375.657	376.444	378.393	379.952
ZIP	379.943	414.735	418.865	418.714	418.313	419.828
ZPP	174.100	162.213	148.209	146.614	145.959	145.628

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.16.

ou dende outro punto de vista entre os territorios rurais e urbanos. O 26% da poboación galega reside en zonas pouco poboadas, pero esta porcentaxe ascende ata o 45% nas provincias orientais, Lugo e Ourense.

Por tanto parece necesario analizar a distribución da poboación en Galicia segundo o grao de urbanización dada a importancia do mundo rural galego tanto dende un punto de vista económico como social e medioambiental, e por ser unha característica fundamental na estrutural territorial de Galicia.

Tal como se sinalou anteriormente, das 2.701.819 persoas residentes en Galicia a 1 de xaneiro de 2020, un 36,8% (995.126 habitantes) reside nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP), definidas como áreas cunha densidade superior a 500 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes, un 36,9% (997.547 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP), definidas como zonas que non pertencen a ZDP e que contan cunha densidade superior a 100 habitantes por quilómetro cadrado e, ou ben a poboación total


da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. O restante 26,2% (709.146 persoas) reside nas zonas pouco poboadas (ZPP), definidas como áreas locais que non pertencen a ningunha das anteriores.

A distribución da poboación entre as tres zonas sinaladas difire de xeito notable entre provincias, así, tal como se mostra no **cadro 1.3.16.**, a poboación que reside nas ZPP de Ourense concentran o 45,3% da súa poboación e o 44,1% no caso de Lugo, mentres en Pontevedra esta porcentaxe sitúase no 15,4%, e no 24,9% na Coruña.

Mentres que Ourense e Lugo concentran case a metade da súa poboación en ZPP, Pontevedra e A Coruña concentran o 40,2% e 36,6% da poboación nas denominadas ZDP, cando en Lugo reside nestas áreas o 30% da súa poboación (34,4% en Ourense).

A maior porcentaxe de poboación das provincias de A Coruña e Pontevedra reside en ZIP, co 38,4% e 44,4% da súa poboación total respectivamente, o que con-

Poboación galega segundo o grao de urbanización (1)



(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
 Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.17.

trasta coas porcentaxes de Lugo (25,8%) e Ourense (20,2%).

A evolución da poboación nas tres zonas definidas en función da densidade e da súa poboación non é homoxénea. Así en relación a 2019, no ano 2020 o aumento rexistrado na poboación total de Galicia de 2.320 persoas inscritas concéntrase nas denominadas ZDP (4.188 habitantes máis) e nas ZIP (3.119 habitantes máis) que compensan a caída de 4.987 habitantes nas ZPP (-0,7%).

Un ano máis o descenso nas ZPP prodúcese nas catro provincias galegas, destacando a caída do 1,1% en Lugo e do 1% en Ourense. En termos absolutos, o descenso máis acusado rexístrase en Lugo con 1.648 habitantes menos en ZPP, seguido de A Coruña, con 1.532 persoas

menos. No extremo contrario, o incremento da poboación no ámbito urbano densamente poboado prodúcese en todas as provincias, presentando A Coruña os maiores incrementos tanto en termos absolutos como relativos (0,5%; 1.976 persoas).

Finalmente, no que ás ZIP se refire, a poboación neste grao de urbanización aumenta en todas as provincias agás en Lugo, con 236 persoas menos (-0,3%).

Ampliando a análise temporal, **gráfico 1.3.17.**, observamos que entre os anos 1996 e 2020 a caída da poboación rexístrase tan só nas zonas pouco poboadas, aumentando nas zonas densamente poboadas e, fundamentalmente, nas intermedias. Dunha banda, no período analizado, a poboación residente nas ZPP descende en 189.913 persoas, o que supón unha caída

Idade media da poboación segundo sexo e grao de urbanización (1)

	2008			2019			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia									
Total	44,4	42,7	46,0	47,2	45,6	48,8	47,5	45,8	49,0
ZDP	43,0	41,0	44,7	45,9	43,8	47,7	46,1	44,0	47,9
ZIP	41,9	40,5	43,2	45,2	43,8	46,5	45,5	44,2	46,8
ZPP	49,1	47,3	50,9	51,8	50,2	53,4	52,0	50,4	53,6
A Coruña									
Total	44,1	42,4	45,6	46,9	45,3	48,4	47,2	45,5	48,7
ZDP	44,0	41,9	45,8	46,5	44,3	48,4	46,7	44,5	48,6
ZIP	41,8	40,6	43,0	45,0	43,8	46,2	45,3	44,1	46,5
ZPP	47,2	45,5	48,9	50,3	48,7	51,9	50,6	49,0	52,2
Lugo									
Total	47,8	46,3	49,2	49,8	48,4	51,2	50,0	48,5	51,3
ZDP	42,7	41,0	44,2	45,1	43,3	46,8	45,4	43,4	47,0
ZIP	45,7	44,0	47,2	47,9	46,3	49,4	48,1	46,5	49,6
ZPP	51,6	50,0	53,1	53,9	52,6	55,3	54,1	52,7	55,5
Ourense									
Total	48,2	46,5	49,8	50,7	49,0	52,2	50,8	49,2	52,4
ZDP	43,7	41,9	45,3	46,8	44,6	48,6	47,0	44,7	48,8
ZIP	43,0	41,9	44,0	46,4	45,1	47,6	46,7	45,4	47,9
ZPP	52,8	50,8	54,8	55,2	53,4	57,1	55,4	53,6	57,2
Pontevedra									
Total	42,2	40,5	43,8	45,6	43,9	47,2	45,9	44,2	47,5
ZDP	41,7	39,9	43,4	45,1	43,1	46,9	45,4	43,4	47,1
ZIP	41,0	39,6	42,4	44,7	43,3	46,0	45,0	43,6	46,3
ZPP	46,4	44,2	48,5	49,4	47,6	51,1	49,6	47,8	51,3

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
 Fonte: IGE. *Panorama rural-urbano*

1.3.18.

do 21,1%. Por outra banda, a poboación residente nas ZIP aumenta en 127.784 persoas, o que representa un 14,7%, situándose este incremento en 21.326 habitantes no caso das ZDP, o que supón un 2,2% máis.

A perda de poboación que sofre Galicia nos últimos 25 anos está concentrada nas provincias de Ourense e Lugo, unha perda que ao mesmo tempo está localizada case na súa totalidade nas zonas pouco poboadas destas dúas provincias. En concreto, entre 1996 e 2020 a poboación residente nas ZPP de Lugo redúcese en 54.416 persoas (42.357 persoas menos na provincia de Lugo), o que significa unha caída do 28% (-11% en Lugo), así mesmo aumenta lixeiramente o número de residentes nas zonas intermedias (714 habitantes máis; 0,8%) e nas ZDP (13.345 persoas máis; 15,7%). Na provincia de Ourense no período sinalado descende a poboación en 40.263 persoas (11,6%), un descenso que, como no caso da provincia de Lugo, concéntrase nas ZPP, que presentan unha redución do 26,3% (49.608 habitantes menos), descendendo un 1,3% nas ZDP (1.417 persoas menos) e aumentando en 10.762 (21%)

a poboación nas ZIP. As provincias da Coruña e Pontevedra presentan tamén unha caída da súa poboación nas ZPP, do 21% e 16% respectivamente.

• Composición por sexo e idades

A poboación das ZPP en Galicia ten unha idade media de 52 anos, 4,5 anos máis que a idade media da poboación total. Así mesmo, tal como se mostra no **cadro 1.3.18.** a idade media das persoas residentes en Galicia é superior entre as mulleres que entre os homes, sendo máis elevada nas zonas pouco poboadas que nas ZDP e ZIP.

Para o conxunto da Comunidade Autónoma, a idade media nas ZPP ascende ata os 52 anos (53,6 anos no caso das mulleres e 50,4 entre os homes), cifra moi superior á rexistrada nas ZIP, con 45,5 anos (46,8 entre as mulleres e 44,2 entre os homes), e nas ZDP, con 46,1 anos (47,9 no caso das mulleres e 44 anos nos homes).

Un ano máis a provincia de Ourense é a que presenta

Poboación segundo grandes grupos de idade, sexo e grao de urbanización ⁽¹⁾

	2008			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total						
Total	2.784.169	1.344.268	1.439.901	2.701.819	1.300.153	1.401.666
<20	15,8%	16,9%	14,8%	15,8%	16,9%	14,8%
20-59	56,4%	58,4%	54,6%	51,9%	53,7%	50,3%
≥60	27,7%	24,7%	30,6%	32,2%	29,4%	34,9%
ZDP						
Total	993.124	466.737	526.387	995.126	464.100	531.026
<20	16,6%	18,2%	15,3%	16,7%	18,4%	15,2%
20-59	58,5%	60,0%	57,2%	53,0%	54,7%	51,5%
≥60	24,8%	21,9%	27,5%	30,3%	26,9%	33,3%
ZIP						
Total	978.544	478.889	499.655	997.547	485.785	511.762
<20	17,9%	18,8%	17,0%	17,5%	18,6%	16,6%
20-59	58,6%	60,3%	57,1%	54,0%	55,3%	52,8%
≥60	23,5%	20,9%	25,9%	28,5%	26,2%	30,7%
ZPP						
Total	812.501	398.642	413.859	709.146	350.268	358.878
<20	12,4%	13,1%	11,7%	12,2%	12,7%	11,6%
20-59	51,2%	54,5%	48,1%	47,6%	50,2%	45,1%
≥60	36,4%	32,5%	40,2%	40,2%	37,1%	43,3%

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)

Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.19.

a idade media máis elevada, con 50,8 anos, ascendendo a mesma ata os 55,4 anos no caso das ZPP, ascendendo a 57,2 anos a idade media das mulleres nas ZPP da provincia de Ourense, 4,8 anos máis que a idade media das mulleres no conxunto da provincia (52,4 anos). En Lugo, a idade media ascende ata os 50 anos, 4,1 anos menos que a idade media nas ZPP da provincia (54,1). A idade media das mulleres é de 51,3 anos cando nas ZPP da provincia de Lugo é de 55,5 anos.

A idade media máis baixa corresponde á provincia de Pontevedra con 45,9 anos (47,5 anos no caso das mulleres), descendendo a mesma ata os 45,4 anos no caso das ZDP (47,1 anos entre as mulleres). Nos tres graos de urbanización e tanto para homes como para mulleres, a provincia de Pontevedra rexistra unha menor idade media que á rexistrada de media para o conxunto da Comunidade.

O **cadro 1.3.19.** reflicte os datos da idade da poboación nas tres zonas de urbanización, destacando que nas ZPP de Galicia o 40,2% da poboación ten 60 ou máis anos, dez puntos máis que no conxunto das ZDP (30,3%), e 11,7 puntos porcentuais máis que nas ZIP

(28,5% en Galicia). A poboación menor de 20 anos, no conxunto de Galicia representa o 15,8% da poboación total no ano 2020; estas porcentaxes difiren notablemente en función do grao de urbanización, así nas ZPP representa o 12,2% da poboación total, nas ZDP o 16,7% e nas ZIP o 17,5%.

As diferencias observadas por idades nas distintas zonas reflíctense tamén cando se observan os datos diferenciados por sexo. Así o 34,9% das mulleres galegas ten 60 ou máis anos, ascendendo esta porcentaxe ata o 43,3% no caso das ZPP, mentres que nas ZDP o seu peso relativo é do 33,3% e nas ZIP do 30,7%.

Tal como acontece para o total provincial, as ZPP de Ourense son as que presentan as porcentaxes máis elevadas de poboación maior de 60 anos (46,4% da poboación desa área e 50,1% no caso das mulleres) e as máis reducidas entre os menores de 20 anos (9,6% da poboación total das ZPP e o 9,3% no caso das mulleres). Asemade, cómpre resaltar que mentres que o peso relativo da poboación menor de 20 anos máis elevado rexístrase na Coruña nas ZIP (17,9%), en tanto que en Lugo isto prodúcese nas ZDP (17,2%). En Pontevedra e

Índice de envellecemento segundo sexo e grao de urbanización ⁽¹⁾

	2008			2019			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia									
Total	135,5	109,0	163,5	158,1	131,0	187,2	160,4	133,1	189,7
ZDP	111,4	85,7	138,6	135,0	104,9	166,9	137,2	106,6	169,6
ZIP	97,8	79,8	117,0	121,4	102,8	141,1	124,1	105,1	144,4
ZPP	239,8	197,1	285,4	276,9	236,6	320,8	279,2	240,0	321,7
A Coruña									
Total	130,4	104,4	157,8	152,2	125,4	180,7	154,6	127,4	183,5
ZDP	129,5	99,0	161,5	147,9	113,7	183,9	150,0	115,4	186,6
ZIP	96,7	79,9	114,7	117,0	100,1	134,9	119,5	102,1	138,0
ZPP	190,0	155,0	227,4	232,2	197,0	270,4	235,3	200,4	273,1
Lugo									
Total	205,2	171,8	240,2	213,8	184,2	244,5	214,7	185,5	245,1
ZDP	106,7	82,8	131,5	119,9	95,5	144,8	122,0	96,8	147,8
ZIP	159,8	130,0	191,3	169,8	143,2	197,6	170,7	144,4	198,3
ZPP	326,2	281,3	373,5	362,4	322,5	404,4	362,9	324,9	402,8
Ourense									
Total	209,5	173,3	248,0	236,5	199,0	276,6	237,0	200,4	276,0
ZDP	119,7	95,0	146,0	149,4	116,0	184,3	150,0	116,2	185,6
ZIP	111,3	95,0	128,4	140,6	121,4	161,0	144,3	124,5	165,5
ZPP	377,2	314,6	443,3	428,1	367,2	495,0	424,9	369,1	485,6
Pontevedra									
Total	101,3	79,1	125,0	129,8	106,0	155,8	132,7	108,5	159,1
ZDP	93,0	71,3	116,1	122,0	95,5	150,7	124,6	97,5	153,6
ZIP	86,8	69,4	105,4	115,0	96,4	135,1	118,1	99,1	138,8
ZPP	170,7	131,1	214,0	205,5	170,0	245,3	209,3	173,9	249,0

(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)

Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

1.3.20.

Ourense o maior peso corresponde ás ZIP, coo 17,8% e 16,8% respectivamente.

O **cadro 1.3.20.** mostra o índice de envellecemento, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, diferenciando polo grao de urbanización. Este índice acada os valores máis elevados nas ZPP, destacando Ourense, con valores de 424,9 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20, e Lugo, con 362,9 (en Galicia a media é de 279,2). Así mesmo este índice presentan valores máis elevados no caso das mulleres que dos homes en todos os casos.


A estrutura por idades da poboación en función do grao de urbanización da zona de residencia que vimos analizando, pode resumirse de xeito gráfico nas pirámides poboacionais das distintas zonas. As pirámides de poboación (**gráfico 1.3.21.**) amosan un desprazamento vertical da pirámide nos grupos quinquenais a partir de 40 anos tanto no conxunto de Galicia como

nos tres graos de urbanización considerados, descendendo no caso das idades entre dez e trinta anos.

Esta tendencia xeral agocha diferenzas relevantes entre a estrutura poboacional das zonas pouco poboadas e das zonas densamente poboadas ou intermedias. O peso relativo da poboación menor de 50 anos nas ZDP (54,8%) é superior ao peso nas ZPP (44,9%), tanto no caso dos homes como das mulleres, ao contrario do que acontece no caso da poboación de 65 ou máis anos. Así mesmo, nas ZDP os grupos de poboación maioritarios, tanto en homes como en mulleres, son os correspondentes á poboación de 40-44 anos (4,1% e 4,4% da poboación empadroada nese territorio, respectivamente) e o de 45-49 anos (3,9% e 4,3%, respectivamente).

Finalmente destacar que nas zonas pouco poboadas os grupos maioritarios de poboación no caso das mulleres é o de maiores de 85 anos e entre 70-74 anos, que acollen o 4,7% e o 3,7% da poboación galega empadroada


Pirâmides de poboación 1998-2020



Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.21.

Pirâmide de poboación 2020. Zonas Densamente Poboadas e Zonas Pouco Poboadas




Fonte: IGE, Panorama rural-urbano


1.3.22.

Movimento natural da poboación (1)


Taxa bruta de natalidade



Taxa bruta de mortalidade



Crecemento vexetativo



(1) ZDP (zonas densamente poboadas), ZIP (zonas intermedias), ZPP (zonas pouco poboadas)
 Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

neas ZPP, respectivamente; entre os homes, os grupos quinquenais predominantes son os de 55-59 anos e 60-64 anos, que concentran o 3,8% da poboación das ZPP en ámbolos dous casos.

• Movemento natural da poboación

O envellecemento da poboación en xeral en Galicia e en particular de xeito moi acusado nas ZPP determina que estas zonas presenten as taxas de natalidade e de crecemento vexetativo máis reducidas das tres zonas de poboación analizadas.

No **gráfico 1.3.23.**, observamos as taxas no período 2009-2019 (último dato dispoñible). As ZPP presentan as peores taxas ao longo de toda a serie considerada; nestas zonas pouco poboadas a taxa de natalidade desce en 2019 ata os 4,5 nacementos por cada mil habitantes fronte aos 5,8 nacementos no conxunto da Comunidade Autónoma. Nas outras dúas zonas a taxa bruta de natalidade acada valores moi similares, acadando os 6,4 nacementos por cada mil habitantes nas ZDP e os 6,2 nacementos por cada mil habitantes nas ZIP.

No que respecta á taxa de mortalidade, esta mostra unha tendencia crecente ao longo de toda a serie. No ano 2019 en Galicia as ZPP aparecen moi diferenciadas das outras zonas pola súa alta taxa bruta de mortalidade (15,6 defuncións por 1.000 habitantes), rexistrándose as menores taxas brutas de mortalidade na ZDP e ZIP, que contan cunha poboación máis nova que a ZPP.

As provincias de Lugo e Ourense presentan taxas brutas de mortalidade máis altas que as da Coruña e Pontevedra. Ademais, cómpre resaltar os elevados valores que toma o indicador na ZPP das provincias de Lugo e Ourense (17,9 e 19,3 defuncións por 1.000 habitantes, respectivamente).

Por outra parte, as taxas estandarizadas de mortalidade, que eliminan o efecto da estrutura por idades, reflicten unha notable diminución das diferenzas na mortalidade entre zonas.

Tendo en conta a evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade, o crecemento vexetativo é cada vez máis negativo tanto en Galicia como nas tres zonas de poboación consideradas. En 2019, por cada mil habitantes rexístranse en Galicia 5,8 defuncións máis que nacementos. Este crecemento vexetativo negativo sitúase en 11,1 no caso das zonas pouco poboadas, cando nas zonas densamente poboadas e nas zonas intermedias por cada mil habitantes hai 3,7 e 3,9 defuncións máis que nacementos respectivamente. 

